

EDICIÓN E COMENTARIO DE CATRO DOCUMENTOS DO MOSTEIRO DE MONTEDERRAMO (OURENSE)

PUBLICATION AND COMMENTARY OF FOUR DOCUMENTS FROM
THE MONASTERY OF MONTEDERRAMO (OURENSE)

Ramón Lorenzo

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, ESPANHA
ramon.lorenzo@usc.es

Edición e comentario grafemático e lingüístico de catro documentos do mosteiro de Montederramo (Ourense, Galiza), un deles dos últimos anos do século XIII e tres da primeira metade do século XIV.

Palavras-chave: edición de textos, paleografía, gramática histórica.

Publication and graphematic and linguistic commentary of four documents from the monastery of Montederramo (Ourense, Galicia). One document comes from late thirteenth century and the other three from the first half of the fourteenth century.

Keywords: publication of texts, paleography, historical grammar.



0. Para esta publicación en lembranza do profesor José Azevedo Ferreira decidín escoller catro documentos do mosteiro de Montederramo e publicalos acompañados dun comentario lingüístico. Do mosteiro cisterciense de Montederramo, situado na freguesía de Santa María de Montederramo, provincia e diocese de Ourense, consérvase unha ampla documentación medieval, da que cómpre salientar a existencia de numerosos documentos escritos en galego. O máis xeral é que os documentos conteñan foros feitos polo mosteiro ou doazóns recibidas de toda clase de persoas. Tamén hai cartas reais, testamentos, preitos do mosteiro con outros mosteiros ou con nobres, subforos feitos entre particulares, etc. Xunto a todo isto atopamos algúns documentos que nos interesan especialmente, porque se separan da

monotonía habitual e presentan un contido máis impactante. Destes escollin os catro que publico, todos moi diferentes entre si.

1. O primeiro documento foi escrito o 14 de marzo de 1296 en Monterrei (Ourense) e preséntanos un feito que tamén se podería dar nos momentos actuais: un preso que desaparece da prisión, porque o deixaron fuxir ou porque el mesmo foi quen de eludir a vixilancia do que o gardaba. O pergamiño consérvase no *Arquivo Histórico Nacional* de Madrid (na Sección de Clero, carpeta 1488, documento nº 8). É o seguinte.

Era de mill et CCC et XXXIIIJ anos et XIIIJ dias de março. Saban *quantos* esta carta uiren como en *presença* de mjn, ^{/2} *Martín* André, *scriuán jurado* de mao de Migel Eanes, público *notario jurado* del rrey en Monte Rrey et en seu alfoz et en Val ^{/3} de Laça, et das *testimoyas* que aquí sun *scritas*, *Martín Paez*, juyz, disso ffrontando que eeste dia pela manaa que se ffuy a *Queru*^{/4}gaes podar sas uinas *con* seus amigos, et leyxou André preso na *prigón* do conçello en poder de *Pero Eanes*, andador, ^{/5} que o auia de gardar. Et eeste dia messmo chegou este *Martín Paez* ao serao, ya noyte, et non achou este André na *prigón* ^{/6} et diz que non sabe quen xo posso ffora da *prigón*, et assy diz que a culpa non est sua. Et entón ffuy aa *prigón* do conçello et non^{/7}no achou y et *Hermigo Stéueez*, juyç, disso que aquel André non o deu nen o mandou soltar, mais diz que o ^{/8} andador a que o deron a gardar que dé del rrecado. Et desto en como pasou, *scriuán* sobredito, *perante* mjn pidiu ^{/9} *Martín Paez* esta ffronta, et eu deyla de meu offiço. *Testimoyas*: *Migel Martiiz*, *Ffernán Garganta*, *Garçia Pérez*, *Migel Meéndez*; *Martín*, andador; ^{/10} *Pero* de Paaços; *Pero Paez*, home de *Migel Martiiz*. Et eu, *Martín* André, *escriuán* ssobredito, en mia *presença* esta carta ^{/11} ffiz *escruiir* et eela ffiz meu *ssigno*, que tal éste /SIGNO/.

1.1. Na liña 5 *messmo* está corrixido e escrito sobre outra palabra. Véxase para *Paez* 3, 5, 9, 10 o § 5.2 e para *mill* 1 o § 5.3.

2. O segundo documento leva a data do 11 de abril de 1315 e inclúe dous documentos feitos un ano antes, un deles o 16 de maio de 1314 e outro o 5 de abril. Escollino porque, igual que o anterior, ten un contido que podería ocorrer nos nosos días: unha persoa que pide diñeiro prestado e despois non o pode devolver, polo que perde tódolos bens que posúe. A única diferenza é que nos momentos actuais sería unha entidade bancaria a que cometería a falcatrada e nos inicios do século XIV foi un prestamista xudeu que vivía en Monterrei (Ourense). O pergamiño, como o

anterior, consérvase no *Arquivo Histórico Nacional* de Madrid (na Sección de Clero, carpeta 1491, documento nº 4) e di así:

Era de mill et CCC et çinquaenta et tres anos, onze dias d'abril. Conusçuda? coussa sseya como ^{/2} perante mjn, *Martín Ffernández*, juyz del rrey en Limja et juyz en Monte Rrey entre os crischãos et os ^{/3} judeus, don Jacob, judeu, morador en Monte Rrey, genrro de don Elias, mostrou dous prazos. Et era ^{/4} vn deles ffeyto en tal tenor:

“Era de mill et CCC et çinquaenta et dous anos, vinte et sseys dias de ^{/5} mayo. Conusçuda coussa sseya como eu, Maçia *Martiis* de Tamágõos, yrmão de ffrey *Domjngo*, outorgo et coños^{/6}co *que* deuo a uós, don Jacob, genrro de don Elias, de Monte Rrey, ou a *quen* este prazo por uós mostrar, vinte ^{/7} et çinco *morauidis* de *dineiros* novos *portugeeses*, de *que* contan dez et sseys par tres *morauidis*, *que* de uós rreçebj en *dineiros* ffeitos, ^{/8} ssen vssura *njnhũa*. Et outorgo *per* todos meus bães de uos pagar estes vinte et çinco *morauidis* ssobreditos et hun ^{/9} *quarteiro* de çenteo ata dia de *Ssanta Maria* d'agosto *primeiro* *que* ven, so pãa de tres *ssoldos* cada dia, *quantos* dias passa^{/10}ren delo prazo en deante. Et sse uos a este prazo *non* pagar, douuos poder delo prazo en deante *que* tomedes tantas ^{/11} de mjas peñoras mortas et viuas, *huquer* *que* as achedes, et as vendades ssen cõomja *njnhũa* ata *que* sseyades ^{/12} *entregue* *tambén* da pãa como do cabo et dízima, sse a y ouuer. Et *pera* esto rrenu[n]ço carta de rrey et de ^{/13} *rreýna* et de *jnffante* et o *Quaderno* et tódolos outros dereitos *que* por mjn ey ou podria auer, *tambén* en juyzo ^{/14} como ffora del, *que* *njnhũa* coussa me *non* valla ssenón pagaruos. *Testemuyas*: *Martín* do Viño de Monte Rrey, *Ffernán* ^{/15} *Mouro* et *Migell Domínguez* de Nuzedo, *Padrón Eanes*; *Ffernán Domínguez*, *escriuán*, et outros. Et eu, *Durán Ffernandes*, *notario*, puge a^{/16}quí meu ssigno, *que* tal éste, *per* hũa nota *que* jaz no meu rregistro”.

Item mostrou outro prazo ffeito en tal tenor: /

¹⁷⁶Era de mill et CCC et çinquaenta et dous anos, çinco dias d'abril. Como eu, Maçia *Martiis* de Tamágõos, yrmão ^{/18} de ffrey *Domjngo* Fferro, outorgo et coñosco *que* deuo a uós, don Jacob, genrro de don Elias, ou a *quen* este prazo por uós ^{/19} mostrar, *quarenta* et çinco *morauidis* de *dineiros* novos *portugeeses*, d'oyto en *ssoldo* o *morauidi*, *que* de uós rreçebj en *dineiros* ffeytos, ^{/20} ssen vssura *njnhũa*. Et outorgo *per* todos meus bães de uos pagar estes *quarenta* et çinco *morauidis* ssobreditos ata ^{/21} *caendas* ssetenbras *primeiras* *que* vêeen, sso pãa de *quatro* *ssoldos* cada dia, *quantos* dias passaren delo prazo en deante. Et ^{/22} douuos poder delo prazo en deante *que* tomedes tantas de mjas peñoras mortas et viuas, *huquer* *que* as ^{/23} achedes, et as vendades ssen cõomja *njnhũa* ata *que* sseyades *entregue* *tambén* da pãa como do cabo et dízima, ^{/24} sse a y ouuer. Et *pera* esto rrenunço carta de rrey et de *rreýña* et de *jnffante* et o *Qua-*

derno et tódolos outros /²⁵ dereitos *que* por *mjn ey*, *tambén* en *juyzo* como *ffora* del, *que njnhua* coussa *me non* valla *ssenón* pagaruos. /²⁶ *Testemuyas*: *Johán Martiis*, *Johán Cariyo*, *Pero Montourís*, *omes de Martín Ffernandes*; *Johán Peres*, *fferreiro*; *Lourenzo Fforneiro*, *Lourenço Dominges* et outros. /²⁷ Et eu, *Pero Padrón*, *que* esta carta *escriuj* en lugar de *Martín André*, *notario*, et a todo *ffoý* *pressente*. *Signo* de /²⁸ *Martín André*, *notario*”.

Os *quaes* *ssetenta morauidís* *montan*, a *quatro* por *tres*, *nouenta* et *tres morauidís* et *terça* et *vn quarteiro* /²⁹ de *çenteo*, et *posséronno* todo en *çent morauidís* *conlos* *dineiros* et *dez morauidís* de *dízima*. Et este don *Jacob*, /³⁰ *judeu*, *pedio* a este *Martín Ffernandes*, *juys*, *que* lle *ffezesse* *auer* o *sseu*. Et o dito *juys* *disso* *que* *enviara* *enprazar* /³¹ ao dito *Maçia Martiis* et *non* *quisso* *vijr*, et *mandou* lle *vender* o *que* *auja* per *Rrodrigo*, *pregoeiro* do *conçello* de /³² *Monte Rrey*, et *que* os *trouxe* ao *leylán*, como *manda* *fforo* et *dereito*. Et o *pregoeiro*, *estando* *pressente*, *disso* /³³ *que* *non* *achara* *quen* *desse* por *estes* *bêes* de *Maçia Martiis* *mays* de *ssetenta* et *çinco morauidís* de *portugeeses*, da /³⁴ *oyto* en *ssoldo*, *pero* *que* os *trouxera* ao *leylán*, et *ora* *que* *vêo* *ffrey Domjngo* et *deu* por *estes* *bêes* *çent* /³⁵ et *çinco morauidís* de *portugeeses*, *d’oyto* en *ssoldo*, ao dito *judeu*. Et eu, *juyz* *ssobredito*, *veendo* os *ditos* *prazos* et a /³⁶ *conffessón* do dito *pregoeiro*, et *veendo* como este *ffrey Domjngo* era *ymão* do dito *Maçia Martiis* et *auja* /³⁷ *d’auer* o *sseu* por *dereito* *preço* *ante* *ca* *outren*, *mandey* per *sse[n]tença* de *juyzo* *que* o dito *ffrey Domjngo* /³⁸ *aya* os *ditos* *bêes* et *herdamentos* *que* o dito *Maçia Martiis* *auja* en *Tamágðos* et en *sseu* *térmjño*, *que* *non* /³⁹ *achou* o *pregoeiro* *quen* *tanto* *desse* *nen* *mays*. *Testemuyas*: *Martín* do *Viño*, *Affonso* de *Gaança*, *Martín* *Carro*, *Pero* *Espiga*, *Johán* /⁴⁰ *Aluelo*, *carniçeiro*; *Johán* *Rruujo*, *andador*; *Saluador* *Martiis* de *Tamágðos* et outros. Et eu, *Martín* *André*, *notario* del *rrey* /⁴¹ en *Monte Rrey* por *Affonso* *Eanes* et en *Val* de *Laça*, *que* esta carta en *mia* *presenca* *ffiz* *escriuir* et /⁴² *eela* *ffiz* *meu* *signo*, *que* tal *éste* /SIGNO/.

2.1. Lense mal as palabras *juyzo* 13, *sseu* 38 e *conusçuda* 1, que debe ser a forma correcta, pois está así na liña 5. Véxase para *rrenu[n]co* 12 e *sse[n]tença* 37 o § 5.1, para *Ffernández* 2, *Ffernandes* 15, 26, 30, *Ffernán* 15, *Eanes* 15 e *caendas* 21 o § 5.2 e para *como* 1, 5, 14, 17, 23, 25, 32, 36, *mill* 1, 4, 17, *CCC* 1, 4, *achedes* 11, *achou* 39, *tenor* 16, *ssigno* 16, *signo* 27 e *çent* 29, 34 o § 5.3.

3. O terceiro documento é do 28 de xaneiro de 1333 e inclúe o traslado doutro documento feito o 17 de setembro de 1332. Este texto móstranos como un xastre, estando preso e condenado a morte en Monterrei, déixalle todo o que posúe ao mosteiro de Montederramo. O pergamiño, como os

anteriores, consérvase no *Arquivo Histórico Nacional* de Madrid (na Sección de Clero, carpeta 1493, documento nº 6) e di así:

“Era de mill et trezentos et sseteenta anos, quintaffeyra, dez et ssete dias de ssetenbro. /² En presenza de mjn, Durán Ffernandes, notario público del rrey en Monte Rrey, Johán /³ de Naue, alffayate desta meesma villa, estando en geonlos, preso con hũa /⁴ cadẽa na garganta et huus fferros nos pees, ante Johán Beya, alcayde /⁵ de Monte Rrey por Rroy Paez de Bema, que o queria yr justiçar et /⁶ matar, a esta ora o dito Johán de Naue diso que ffazia ssua manda /⁷ et que leyxaua o que avia todo ao moesteyro de Santa Maria de Monte de /⁸ Rramo et que mandaua sspultar sseu corpo no dito moesteyro, et man/⁹ dou que o leuassen aló a sspultar. Testimoyas: Johán Beya, alcayde; Ffernán /¹⁰ Rrodríguez; Domjngo Peres, notario; Domjngo Ffernandes, clérigo; Affonso Áluares; /¹¹ Migeel Martiis, clérigo, moradores en Monte Rrey; Durán de Gondulffes. /¹² Esto ffoy na villa de Monte Rrey, a par da torre que está hu este/¹³ uo a alcaçaua. Eu, Durán Ffernandes, notario ssobredito, que esta carta /¹⁴ escriuí a pidimento de don ffrey Gonçaluo, abbade de Monte de Rramo, /¹⁵ et per mandado do dito Johán de Naue, et en ella ffiz meu ssino, que tal he”. /

¹⁶Testimoyas que fforon pressentes et viron o dito testamento: Estéuõ Peres, morador ena Rrua /¹⁷ (Rrua) Noua; Johán da Costa, moradores (sic) eno Burgo; Lopo Peres Parella; Domjngo Peres de Vi/¹⁸llariño, tauerneyro de Junqueyra d’Espadañado. Ffeyto ffoy este tralado /¹⁹ XXVIII dias de janeyro, era de mill et CCC et ssetenta et hun ano. /²⁰ Et eu, Johán Peres, notario de Caldellas en lugar de Diego Gomes, /²¹ notario público del rrey en Caldellas, que vi et ly o dito testamento et aquí o ffijs /²² traladar et este ssigno ssemelláuille do dito notario y ffijs, que tal [é] /SIGNO/.

3.1. Este documento publicouno Maia (1986: 155), con bastantes erros. Así, le falsamente “queriã” en lugar de “queria” 5, “Villarjño” en lugar de “Villariño” 17-18, “d’Espadanedo” en lugar de “d’Espadañado” 18, “traflado” en lugar de “tralado” 18, “notariu” en lugar de “notario” 20, “asy fijõ trafladu” en lugar de “aquí o ffijs traladar” 21-22, “é” en lugar de “[é]” 22, “Martino”, coma se fose portugués moderno, en lugar de “Martiis” 11 (ou con nasal “Martĩis”), e le á latina “testes” o que debe lerse “testimoyas” 16 ou outra variante semellante. Ademais, interpreta como z o que para min é un s en “Alvarez” por “Áluares” 10, “Gondulfez” por “Gondulffes” 11, “Fernandez” por “Ffernandes” 13 e “Perez” por “Peres” 16 e considera que só hai un f cando temos claramente ff nas palabras “quinta feyra” 1, “Fernandeo” 2, 10, “alfayate” 3, “ferros” 4, “fazia” 6, “Fernã” 9, “Afonso” 10, “Gondulfez” 11, “foy” 12, 18, “Fernandez” 13, “frey” 14, “fiz” 15,

“forõ” 16, “feyto” 18 e “fijõ” 21, 22. En contra disto considera sempre que hai ss, salvo en “signo semellauel” 22, onde tamén temos dous.

3.2. Véxase para [é] 22 o § 5.1, para *Ffernandes* 2, 10, 13 o § 5.2 e para *mill* 1, 19, *anos* 1, *Burgo* 17, *ano* 19, *público* 21 e *ffijs* 22 o § 5.3.

4. O cuarto documento foi feito o 27 de xullo de 1318 na catedral de San Martiño de Ourense e contén unha sentenza sobre o preito que había entre o mosteiro de Montederramo e o de Torbeo polo cumprimento do testamento de dona Inés, muller de Pedro Vázquez de Caldelas. É un documento xurídico de máis entidade ca os precedentes e mostra a cobiza dos mosteiros por facerse con bens alleos, así como a barbaridade de que o xuíz ditamine que desenterren o cadáver sepultado nun mosteiro para levalo a enterrar ao outro. O pergamiño tamén se conserva no *Arquivo Histórico Nacional* de Madrid (na Sección de Clero, carpeta 1492, documento nº 1) e presenta o seguinte contido:

Sábeam quantos esta carta virem como ante Affonso Uuiiãez, dobreyro et vigario geeral do onrrado padre et sseñor dom Gonçaluo, pela graça de Deus bispo /² d'Ourense, aa sazom parecerom en juyso ffrey Ffernando, monge et procurador de dom ffrey Johán, abbade, et do conuento do moesteyro de Monte de Rramo, da hũa parte, et /³ Pero Gonçáluez, abbade do moesteyro de Torueo, da outra. Et o dito frey Ffernando, en nome dos ssobreditos abbade et conuento do moesteyro de Monte de Rramo, disso et /⁴ proposo contra o dito Pedro Gonçalues, abbade de Torueo, que, como dona Jnés, moller que ffoy de Pero Uaasques de Caldelas, jasendo doente daquela door que se finou, fferera /⁵ sseu testamento per Johán de Rrauãal, notario de Caldelas, no qual mandara ssuterrar seu corpo no moesteyro de Monte de Rramo, no qual moesteyro jasiam ssu/⁶terrados dom Lopo Affonso et dona Tereyia Álvarez, padre et madre, et dona Tereyia Uaasques, auoa da dita dona Eynés, et mandara y consigo herdamentos /⁷ et panos et dineyros et hũa mua; et o testamento feyto, que a dita dona Jnés contra sua uoentade et contra dereito fora endusada pelo dito Pedro Gonçalues, abbade de Tor/⁸ueo, ou per outre de sseu consello, en guysa que rreuogara o dito testamento et mandárase ssuterrar no dito moesteyro de Torueo, et mandara y conssigo aquelas /⁹ cousas que auya mandadas ao dito moesteyro de Monte de Rramo; o qual enduzemento et rreuogamento dizia que o dito Pedro Gonçalues, abbade de Tor/¹⁰ueo, outorgara et ouuera por firme sigundo pareçia, porque depoy, quando ela dissera et rrogara ao dito Pedro Uaasques, seu marido, en presenza do dito Pedro Gonçalues, /¹¹ abbade, et doutras tistimoyas, por Deus que a leyxasse suterrar en Monte de Rramo, et o dito abbade de Torueo disera logo essa ora aa dita dona Eynés /¹² que auya mayor dereito de sse suterrar no moesteyro de Torueo, porque tijna én casares

que lle el dera; et sse se y non mandasse, que lle /¹³ non dariam outros et depouys que ffaria gram torto a Torueo se se y non ssuterrase; et depouys que a dita dona Eynés rreuogara o dito testamento, sigundo /¹⁴ dito é, que sse ar mandara aa pustremeyra uoentade a ssupultura no dito moesteyro de Monte de Rramo, u se mandara da primeyra. Et essa dona /¹⁵ Eynés finada, que dom abbade de Monte de Rramo enuyou sseus monges et depouys foy el por ela, que a adusesse a Monte de Rramo; et o dito /¹⁶ Pedro Gonçalues, abbade de Torueo, non lla quiso dar nen leyxar aduzer para (o) Monte de Rramo, ssigundo ela mandara et fora ssua voentade; et que o /¹⁷ dito abbade de Monte de Rramo fora a Torueo et disera et deffendera ao dito Pedro Gonçalues, abade, que non rreçebese a dita dona Eynés en essa /¹⁸ jgleia nenna ssuterrase no dito seu moesteyro de Torueo, pouys se ela mandara a Monte de Ramo; et que o sobre-dito abbade de Torueo, auendo firm(i)e /¹⁹ o enduzemento que ffora feyto aa dita dona Inés contra dereito et contra deffendemento do abbade de Monte de Rramo et contra voentade da dita do/²⁰na Eynés, rreçbeo esa dona Eynés na jgleia do moesteyro de Torueo; et que ese abbade de Torueo et seus clérigos, jndo con ela aa /²¹ jgleia depouys suterrárona, et jazia ssuterrada enno dito moesteyro de Torueo. Et pidio ao vigario que mandase per sentença ao dito /²² abbade de Torueo que entregase o corpo da dita dona Ynés, con tódalas cousas que rreçbeo por rrazom de sa sopultura, ao abbade et ao con/²³uento de Monte de Rramo, sigundo o dereito manda; et de parte do dito abbade de Torueo foy negada a pitiçom do abbade et conuento de /²⁴ Monte de Ramo. Et rrecebudo juramento d'ánbalas partes, juramento de calupnyia et de dizer uerdade como o dereito manda, o dito frey Ffernando deu suas /²⁵ pitições et o sobre-dito abbade de Torueo rrespondeo a elas. Et o dito frey Ffernando obrigo[u]sse a prouar quanto abastasse a entençom do abbade et conuento /²⁶ de Monte de Rramo. Et o dito vigario asignoules aquelas produções que deuya a auer de dereito, nas quaes de parte do abbade et conuen/²⁷to de Monte de Rramo foram dadas aquelas tistimoyas per que entenderom a prouar sua entençom. Et as tistimoyas rreçbudas et pobricadas et exçeções /²⁸ et rrazões postas contra elas, depouys desto parecerom as partes en juyso ante dom Pedro Uasques, arçidiago de Búual et vigario /²⁹ geeral aa ssazom na jgleia d'Ourense, vagando a ssee. Et depouys de moytas rrasões que foram ant'el ditas et alegadas da hũa /³⁰ parte et da outra, estando asy o preito, ánbalas partes parecerom en juyso ante dom Pedro de Barreyros, chantre et vigario geeral do /³¹ onrado padre et sseñor dom Gonçaluo, pela graça de Deus bispo d'Ourense. Et o dito frey Ffernando rrazoou que, pelos ditos das /³² suas tistimoyas et pelas co[n]ffesões que o dito Pedro Gonçalues, abbade de Torueo, fferera aas suas posições, era bem prouada a entençom do abbade /³³ et do conuento do moesteyro de Monte de Rramo, et pidio ao vigario que lle julgase as cousas que pidia en sua pitiçom /³⁴ et lle condanase a outra parte nas custas dereitas. Et de parte do dito Pedro Gonçalues, abbade de Torueo, foy dito et rrasõado que os ditos /³⁵ abbade et conuento de Monte de Rramo non prouaram sua entençom et pidio ao vigario

que llo julgasse asy *per* sentença et llos ^{/36} condanase nas custas *dereitas*. Et depouys de moytas rrasões *que* foram ditas et alegadas da hũa *parte* et da outra, ánbalas *partes* ^{/37} *concluyrom* ffinalmente et pidirom sentença. Et porque o chantre, vigario sobredito, era enbargado doutros ffeytos et negoços grandes, en ^{/38} guysa *que non* podia agora liurar este ffeyto *tam* grande, de praser das *partes* cometeo este *preito con* todas suas *perteenças* et eçesorios a *mjn*, ^{/39} Garçia *Martiis*, cóengo d'Ourense, *que* visse et exsaminase o *proçeso* do *preito* et o liurasse *per* sentença como achasse por *dereito*. Et mandou ^{/40} aas *partes* *que* pareçesem ante *mjn*, o dito Garçia *Martiis*, oyr sentença en este *preito* a *termjo çerto* *que* lles foy assignado; no qual Rroy ^{/41} *Peres*, çapateyro, *procurador* dos ditos abbade et conuento de Monte de Rramo, et Lourenço Dominges, *procurador* do dito Pedro Gonçalues, abbade de ^{/42} Torueo, pareçerom ante *mjn* en juyzo et pidíronme *que* rreçebese en *mjn* este *preito*, sigundo *que* mo o chantre, vigario sobredito, cometera, ^{/57} *que* visse et exsaminase o *proçeso* et desse *aquela* sentença *que* en ^{/58} tendese de *dereito*. Et eu rreçebj en *mjn* este *preito*, ssigundo *que* mo o dito chantres cometera, ^{/42} et ^{/43} asigney *termjo* aas *partes* en *que* vëessem ante *mjn* oyr sentença; no (o)qual *termjo* Rrodrigo *Peres* et Lourenço Dominges, *procuradores* sobreditos, pareçerom ante ^{/44} *mjn* en juyzo et pidirom sentença. Et eu, o sobredito Garçia *Martiis*, cóengo d'Ourense, juyz delegado en este *preito* dado *per* dom Pedro de ^{/45} Barreyros, chantre et vigario sobredito, visa et exsamjnada a pitiçom do abbade et do conuento de Monte de Rramo et a rrespos/⁴⁶ta do dito abbade de Torueo, o *preito* co[n]testado et dado juramento de calupnia “seu de ueritate dicenda” de cada hũa das *partes*, et dadas ^{/47} posições et a elas feytas rresposões, et as *tistimoyas* dadas et os ditos delas pobricados en *presença* d'ánbalas *partes* et rrasõado contra ^{/48} elas, depouys de moytas rrazões *que* foram ditas et alegadas, o *preito* *concluso* *per* ánbalas *partes*, viso o *processo* et exsamjnado, auudo *con*/⁴⁹sello *con* ómões bõos et leterados, dia assignado *para* oyr sentença, seendo en lugar de julgar, chamado o nome de *Jesu Cristo*, as ^{/50} *partes* presentes et ssentença demandantes, julgando *pronunçio* este escripto et mando *per* sentença a Pedro Gonçalues, abbade de Torueo, seu a Lourenço Dominges, ^{/51} seu *procurador*, en nome del, *que* entregue o corpo da dita dona Eynés, *con* tódalas cousas *que* rreçebio por rrasom da supultura do dito ^{/52} corpo, ao abbade et ao conuento de Monte de Rramo, ssigundo *que* o *dereito* manda. Et a pi[ti]çom da *parte* condano nas custas *dereitas* o ^{/53} dito abbade de Torueo, seu o dito Lourenço Dominges, seu *procurador*, en nome del, et reseruo a tayxaçom delas en *mjn* *para* despoys. Dada foy ^{/54} esta sentença en Ourense, na jgleia de Ssam *Martino*, XXVII^e dias de jullo, era de mill et CCC LVJ anos. *Tistimoyas* *que* a ^{/55} esto, chamadas et rrogadas, presentes foram: *Martín Dominges*, *Gonçaluo Peres*, dito Tostado, clérigos do coro da jgleia d'Ourense; *Martín Dominges*, yrmão d'A/⁵⁶ffonso Viuiaez, cóengo dese lugar; *Pedro Eanes*, dito das Pias, mercador; *Pedro Eanes*, alfayate da Corredoyra, moradores en Ourense; *Domingo* ^{/57} *Paes*, natural de Lugo, ome

de dom *Gonçaluo* Núñez, esleyto de Lugo. /⁵⁸ Et eu, Affonso Eanes, notario jurado en Ourense pola /⁵⁹ ygleia desse lugar, *que* a esta sentença foý chamado et presente et en mjna presenza a ffige toda escriuir de verbo a uerbo et meu sinal y puge en tistimoyo de /⁶⁰ uerdade, *que* atal éste. /⁶¹ Et por *que* esta sentença seia mays [firme], eu, *Garçia Martiis*, juys sobredito, puge aquí meu seelo en tistimoyo de uerdade /SIGNO e SELO/.

4.1. No dorso está escrito: “Sentença que foy dada en como dona Eynés, moller de Pero Vaasques de Caldelas, mandou supultar seu corpo enno moesteyro de Monte de Rramo et enno qual moesteyro jazian soterrados / don Lopo Afonso et dona Tereyia Áluares, padre et madre de dona Tereyia Vaasques, auóaa da dita dona Eynés”.

4.2. Despois da liña 42 pasa a numeración a 57, 58 e logo outra vez á 42 para seguir coa numeración correcta. Débese isto a que o escribán esqueceu o texto que vai desde “que visse” ata “cometera”, puxo unha chamada e engadiu o texto esquecido nunha parte desas liñas 57 e 58. Ademais, en *outorgara* 10 *or* está escrito sobre a liña. Véxase para *obrigo[u]sse* 25, *co[n]ffesões* 32, *co[n]testado* 46, *pi[ti]çom* 52 e *[firme]* 61 o § 5.1, para *Uaasques* 4, 6, 10, 28, *Paes* 57 e *Jesu Cristo* 49 o § 5.2 e para *como* 1, 4, 24, 39 (e no dorso), *nome* 3, *dona* 4, 6(2), 7, 11, 13, 14, 17, 19, 20, 22, 51 (e no dorso), *panos* 7, *mua* 7, *na* 20, *negochos* 37, *seendo* 49, *este* 50, *mill* 54, *anos* 54 e *Caldelas* (no dorso) o § 5.3.

5. Comentario referente á transcripción dos documentos.

5.1. Como norma xeral para todos os documentos, debo indicar que desenvolvo sempre as abreviaturas e poño o engadido en itálico. Así, temos no 1º documento “notario jurado” 2, “testimoyas” 3, 9, “con” 4, “Ffernán” 9, “Garçia” 9, “Martiiz” 9, 10, etc. No 2º “moravidís” 7, 19, 20, 28, 29, 33, 35, “portugeeses” 7, 19, 33, 35, “ssoldo” 19, 34, 35, “Lourenzo” 26, “Dominges” 26, “Saluador” 40, etc. No 3º “notario” 2, 10, 13, 21, 22, “testimoyas” 9, 16, “Peres” 16, 17, etc. e no 4º “Ffernando” 2, 3, 24, 25, 31, “dineyros” 7, “contra” 19, “Lourenço” 41, 43, 50, 53, etc. No 4º tamén leo “Viuiæz” 56, porque considero que se trata dunha abreviatura o que está escrito *viuiāz* (na liña 1 está *Uiuiãez*. Cf. Lorenzo, 2004: 455), e desenvolvo a abreviatura como “Uaasques” 4, 6, 10, 28, porque no dorso aparece dúas veces *Vaasques*. Só cando está escrito o signo tironiano para a preposición *e*, leo “et” sen poñelo en itálico. Tampouco indico os casos

que levan un sinal sobre o y (ý, etc.) ou sobre dúas vogais en hiato (*manaa* 3 no 1º, non **manáa*, etc.), que ás veces se converte nun trazo ondulado que cobre as vogais. Ademais, cando falta algunha letra, sílaba ou palabra engádoas entre corchetes: *rrenu[n]co* 12 (cf. *rrenunço* 24), *sse[n]tença* 37 (no 2º), *[é]* 22 (no 3º), *obrigo[u]sse* 25, *co[n]ffesões* 32, *co[n]testado* 46, *pi[ti]çom* 52 e *[firme]* 61 (no 4º).

5.2. Nos textos medievais é moi frecuente a presenza de abreviaturas desaxustadas, case sempre por tendencia latinizante, especialmente nos nomes. Cando isto ocorre desenvólvoas pola forma galega correspondente, tal como aparece cando está escrita a palabra completa (cf. Lorenzo, 2004: 456-458). Así, no 1º transcribo como “Paez” 3, 5, 9, 10 a abreviatura *p̄lz*, que tamén se podería transcribir como “Paaez”, a forma máis primitiva, mais neste notario é xa frecuente a forma reducida. No 2º leo “Ffernández” 2 (escrito *ffr̄rz*), “Ffernandes” 15 (escrito *fferr̄ns*), “Ffernandes” 26, 30 (escrito *ffrr̄s*), “Ffernán” 15 (escrito *ffrr* cun sinal de abreviatura), “Eanes” 15 (escrito *joh̄ns*) e “caendas” 21 (escrito *k̄ks*). No 3º aparece “Ffernandes” 2, 10, 13 (escrito *ffrr̄ns* cun sinal de abreviatura) e no 4º “Uaasques” 4, 6, 10, 28 (escrito *ull̄s*), “Jesu Cristo” 49 (escrito *j̄hu xp̄o*) e “Paes” 57 (escrito *p̄ll̄s*).

5.3. Por tendencia latinizante hai palabras que levan un trazo sobrepuesto sen ningún valor fonético (cf. Lorenzo, 2004: 455). Son *mill* 1 (no 1º); *como* 1, 5, 14, 17, 23, 25, 32, 36, *mill* 1, 4, 17, *ssigno* 16, *tenor* 16, *signo* 27, *çent* 29, 34 e tamén *CCC* 1, 4, *achedes* 11 e *achou* 39 (no 2º); *mill* 1, 19, *anos* 1, *ano* 19 e tamén *Burgo* 17, *público* 21 e *ffijs* 22 (no 3º), *como* 1, 4, 24, 39 e dorso, *nome* 3, *dona* 4, 6 (2), 7, 11, 13, 14, 17, 19, 20, 22, 51 e dorso, *panos* 7, *mill* 54, *anos* 54 e tamén *mua* 7, *na* 20, *negochos* 37, *seendo* 49, *este* 50 e *Caldelas* dorso (no 4º).

6. Grafemas.

6.1. Como ocorre en todos os textos galegos medievais para representar /n/ aparecen os grafemas <n> ou <ñ> e para representar /ɲ/ o dígrafo <ll>. Así, para /n/ temos *uinas* 4 (no 1º texto), *conusçuda* 1, 5, *dineiros* 7, 19, 29, *rreyña* 13 e *coñosco* 5-6, 18, *peñoras* 11, 22, *Viño* 14, 39, *rreyña* 24 e *térmjño* 38 (no 2º), *Villariño* 17-18 (no 3º) e *dineyros* 7, *tijna* 12, *Martino* 54, *mjna* 59 e *sseñor* 1, 31 (no 4º). Para /ɲ/ *conçello* 4, 6 (no 1º), *valla* 14, *lle* 30, *mandouille* 31 e *conçello* 31 (no 2º), *Parella* 17, *ssemelláuille* 22 (no 3º) e *moller* 4 e dorso, *consello* 8, *lle* 12 (2), 33, 34, *lla* 16, *assignouilles* 26, *llo* 35, *llos* 35, *lles* 40, *conssello* 48-49 e *jullo* 54 (no 4º), aínda que no 1º

texto tamén aparece o grafema <l> en *deyla* 9 e no 3º en *geonlos* 3. Este grafema <l> é o propio para /l/, como en *del* 2, *pela* 3, *eela* 11, etc. (no 1º), *d'abril* 1, 17, *Elias* 3, 6, 18, *deles* 4, etc. (no 2º), *daquela* 4, *el* 15, *geeral* 1, *seelo* 61, etc. (no 4º). Con todo, non é raro que poida aparecer o dígrafo <ll> en lugar de <l>, como en *mill* (cf. § 5.3), no 2º en *Migell* 15 e no 3º en *villa* 3, 12, *ella* 15, *Villariño* 17-18 e *Caldellas* 20, 21.

6.2. O primitivo /ts/ está representado por <ç> ante calquera vogal e por <z> en posición final e o primitivo /dz/ por <z> (cf. § 7.8). Aquí só interesa indicar que aparece unha vez <c> ante <a> (*presenca* 41 no 2º), tres veces ante <e> (*parecerom* 2, *rrecebudo* 24 e *processo* 48 no 4º) e unha vez <ç> en lugar de <z> (*juyç* 7 no 1º).

6.3. Para a representación do /z/ aparece o grafema normal <j> ante <a, o, u> en *jurado* 2, *juyz* 3, *juyç* 7 (no 1º), *juyz* 2, 35, *Jacob* 3, 6, 18, 29, *judeu* 3, 30, 35, *judeus* 3, *juyzo* 13, 25, 37, *jaz* 16, *Johán* 26, 39, 40, *juys* 30 (no 2º), *Johán* 2, 5, 9, 17, 20, *justiçar* 5, *Junqueyra* 18, *janeyro* 19 (no 3º), *Johán* 2, 5, *juyso* 2, 28, 30, *jasendo* 4, *jasiam* 5, *jazia* 21, *juramento* 24, 46, *julgase* 33, *julgasse* 35, *juyzo* 42, 44 *juys* 44, 61, *julgar* 49, *julgando* 50, *jullo* 54, *jurado* 58 e *jazian* dorso (no 4º). Ante <e> aparece <g> en *genrro* 3, 6, 18, *puge* 15 (no 2º), *geonlos* 3 (no 3º) e *geeral* 1, 29, 30, *monge* 2, *monges* 15, *ffige* 59 e *puge* 59, 61 (no 4º). No 4º atopamos ocasionalmente <j> ante <e> (*Jesu Cristo* 49) e <i> ante <a> (*seia* 61 e *Tereyia* 6). Fronte a esta norma, pode aparecer <g> ante <o> (*prigón* 4, 5, 6 e *Hermigo* 7 no 1º) e <y> ante <a> (*ya* 5 no 1º). Nos casos de *sseya* 1, 5, *sseyades* 11, 23 e *aya* 38 (no 2º) podemos interpretar que temos un grafema de /z/, aínda que é máis probable que se trate dun grafema correspondente ao mesmo sonido semiconsonántico /j/ que está en *mayo* 5, *Cariyo* 26 (no 2º), *alfayate* 3, *Beya* 4, 9 (no 3º), *mayor* 12, *alfayate* 56, *tistimoyo* 59 e *tistimuyo* 61 (no 4º).

6.4. Para /g/ ante <e> temos o dígrafo <gu> en *entregue* 12 (no 2º), 51 (no 4º) e <g> en *Migeel* 11 (no 3º) e *Dominges* 41 (no 4º). Por iso, cando está abreviado, decídome por poñer <ge>, como en “Migel” 2, 9, 10 (no 1º), “Migell Domínguez” 15 (no 2º), etc.

6.5. Para a vogal /i/ temos os grafemas <i>, <j> ou <y>. O normal é <i>, como en *uiren* 1, *disso* 7, *mais* 7, etc. (no 1º), *dias* 1, *vinte* 4, etc. (no 2º), *dias* 1, *público* 2, etc. (no 3º) e *vigario* 1, *virem* 1, etc. (no 4º). De <j> hai bastantes casos en distintas posicións: *Limja* 2, *Domjngo* 5, 18, 34, 36, 37, *njnhũa* 8, 11, 14, 20, 23, *cõomja* 11, 23, *mjas* 11, 22, *jffante* 13, 24, *njnhua* 25, *escriuj* 27, *auja* 31, 36, 38, *vijr* 31, *térmjño* 38 e *Rruujo* 40 (no 2º); *Domjngo* 10, 17 e *ffijs* 21, 22 (no 3º) e *Jnés* 4, 7, 19, *tijna* 12, *jgleia*

18, 20, 21, 29, 54, 55, *jndo* 20, *termjo* 40, 43, *exsamjnada* 45, *exsamjnado* 48, *ygleia* 59 e *mjna* 59 (no 4º). Cf. *mjn* no § 7.1, *rreçebj* no § 8. Da 3ª possibilidade hai moitos casos, especialmente como segundo elemento dun ditongo ou hiato: *rrey* 2, *Monte Rrey* 2, *leyxou* 4, *noyte* 5, *deyla* 9 (no 1º texto), *rrey* 2, 12, 24, 40, *Monte Rrey* 2, 3, 6, 14, 32, 41, *ffeyto* 4, *sseys* 4, 7, *ffrey* 5, 18, 34, 36, 37, *ey* 13, 25, *rreyña* 13, *oyto* 19, 34, 35, *ffeytos* 19, *rreyña* 24, *leylán* 32, 34, *mays* 33, 39, *mandey* 37 (no 2º), *quintaffeyra* 1, *rrey* 2, 21, *Monte Rrey* 2, 5, 11, 12, *alcayde* 4, 9, *Rroy* 5, *leyxaúa* 7, *ffrey* 14, *Junqueyra* 18, *ffeyto* 18 (no 3º), *dobreyro* 1, *ffrey* 2, *frey* 3, 24, 25, 31, *moesteyro* 3, 5, 14, 21, *feyto* 7, 19, *leyxasse* 11, *leyxar* 16, *poys* 18, *moytas* 29, 36, 48, *Barreyros* 30, 45, *concluyrom* 37, *ffeytos* 37, *ffeyto* 38, *Rroy* 40, *oýr* 40, 43, 49, *asigney* 43, *feytas* 47, *tayxaçom* 53, *Corredoyra* 56, *esleyto* 57 e *mays* 61 (no 4º). Cf. *Eynés*, *ffoy*, *foy*, *ffoy*, *foy*, *ffuy* no § 7.5, *juyz*, *juyç*, *juys*, *juyso*, *juyzo* no § 6.3, *depoys*, *despoys* no § 19. Ocasionalmente aparece <y> noutras posicións: *assý* 6, *y* 7 (no 1º), *ymão* 5, 17, 36, *y* 12, 24 (no 2º), *yr* 5, *escriuý* 14, *tauerneyro* 18, *ly* 21, *y* 22 (no 3º) e *y* 6, 8, 12, 13, 59, *guysa* 8, 38, *auya* 9, 12, *enuyou* 15, *Ynés* 22, *calupnya* 24, *deuya* 26, *asý* 30, 35, *ymão* 55 e *ygleia* 59 (no 4º). No 2º texto aparece con relativa frecuencia a grafía <ei> (*ffeito* 16, *fferreiro* 26, *dereito* 32, 37, etc.) e por esta razón, cando está abreviado, desenvolvo sempre a abreviatura con <ei> (“dineiros” 7, 19, 29, “primeiro” 9, “primeiras” 21, “Fforneiro 26” e “carniçeiro” 40). En cambio, no 4º, aínda que hai casos que teñen <i> no ditongo en palabras abreviadas, como en “dereito” 7, 12, 19, 23, 24, 26, 39, 52, “preito” 30, 38, 39, 40, 42, 44, 46, 48 e “dereitas” 34, 36, 52, por ser máis frecuente o uso de <eyr> desenvolvo as abreviaturas con <y>: “moesteyro” 2, 3, 5, 8, 9, 12, 18, 20, 33, “dineyros” 7, “primeyra” 14, “pustremeyra” 14, “çapateyro” 41 e “moesteyro” no dorso.

6.6. Para a representación da consoante bilabial /β/ hai diferencias entre os textos. No 1º só hai un caso do grafema *v* (*Val* 2), pois o normal é o uso de <u> (*uiren* 1, *scriuán* 2, 8, *uinas* 4, *auia* 5, *Stéueez* 7, *escriuán* 10, *escriuir* 11), igual que para a vogal (*sun* 3, *culpa* 6, etc.). No 2º alternan os grafemas <v> (*vinte* 4, 6, 8, *ven* 9, *viuas* 11, 22, *vendades* 11, 23, *valla* 14, 25, *Viño* 14, 39, *vëeen* 21, *enviara* 30, *vijr* 31, *vender* 31, *vëo* 34, *veendo* 35, 36, *Val* 41) e <u>, menos frecuente en posición inicial (*uós* 6, 7, 18, 19, *uos* 8, 10, 20; tamén *douuos* 10, 22, *pagaruos* 14, 25) e máis en posición intervocálica (*deuo* 6, 18, *ouuer* 12, 24, *auer* 13, 37, *auja* 31, 36, etc.). Para a vogal aparece <u> en posición interna e só <v> en posición inicial (*vn* 4, 28, *vssura* 8, 20). No 3º aparece o grafema <u> en posición intervocálica (*Naue* 3, 6, 15, *leyxaúa* 7, *mandaua* 8, *leuassen* 9, *Áluares* 10,

esteuo 12-13, *alcaçaua* 13, *escriuý* 14, *Gonçaluo* 14, *Estéuão* 16, *Noua* 17, *tauerneyro* 18, *ssemelláuille* 22) e o grafema <v> en posición inicial (*villa* 3, 12, *viron* 16, *Villariño* 17-18, *vi* 21), cun só caso en posición intervocálica (*avia* 7). No 4º domina <v> en posición inicial (*virem* 1, *vigarío* 1, 21, 26, 28, 30, 33, 35, 37, 42, 45, *voentade* 16, 19, *vagando* 29, *visse* 39, 57, *vêessem* 43, *visa* 45, *viso* 48, *Viuiæz* 56, *verbo* 59, *Vaasques* dorso) fronte a <u> (*Uiuiãez* 1, *Uaasques* 4, 6, 10, 28, *uoentade* 7, 14, *uerdade* 24, 60, 61, *uerbo* 59) e só aparece <u> nas outras posicións (*Gonçaluo* 1, *conuento* 2, *Torueo* 3, *Rrauãal* 5, *rreuogamento* 9, etc.).

6.7. Nos textos é frecuente a aparición de consoantes duplicadas innecesariamente. Trátase dunha característica medieval que respectamos. Temos no 1º texto *alffoz* 2, *ffrontando* 3, *ffuy* 3, 6, *ffora* 6, *ffronta* 9, *offiçio* 9, *ffiz* 11, *messmo* 5, *ssobredito* 10 e *ssigno* 11. No 2º *Ffernández* 2, *ffeyto* 4, *ffeitos* 7, *jnffante* 13, 24, *Ffernán* 14, 15, *Ffernandes* 15, *fforo* 32, *conffessón* 36, *Affonso* 39, 41, etc.; *sseyá* 1, 5, *sseys* 4, *ssen* 8, 11, 20, 23, *ssigno* 16, *sso* 21, *ssetenta* 28, 33, *ssobredito* 35, etc., agás en *so* 9, *signo* 27, 42 e *Saluador* 40. No 3º *quintaffeyra* 1, *Ffernandes* 2, 10, 13, *alffayate* 3, *fferros* 4, *ffazia* 6, *Ffernán* 9, *Affonso* 10, *Gondulffes* 11, *ffoy* 12, 18, *ffrey* 14, *ffiz* 15, *fforon* 16, *ffeyto* 18, *ffijs* 21, 22, *ssete* 1, *sseteenta* 1, *ssetenbro* 1, *ssua* 6, *ssupultar* 8, 9, *sseu* 8, *ssobredito* 13, *ssino* 15, *ssetenta* 19, *ssigno* 22, *ssemelláuille* 22, coa única excepción de *Santa* 7. No 4º, xunto a casos dunha soa consoante, temos dúas en *Affonso* 1, 6, 55-56, 58, *ffrey* 2, *Ffernando* 2, 3, 24, 25, 31, *ffesera* 4, 32, *ffoy* 4, *ffaria* 13, *deffendera* 17, *deffendemento* 19, *ffora* 19, *co[n]ffesões* 32, *ffinalmente* 37, *ffeytos* 37, *ffeyto* 38, *ffige* 59, *sseñor* 1, 31, *ssobreditos* 3, *sseu* 5, 8, *ssuterrar* 5, 8, *ssuterrados* 5-6, *consigo* 8, *sse* 12, 14, *sse se* 12 (e *se se* 13), *ssuterrase* 13, 18, *ssupultura* 14, *sseus* 15, *ssua* 16, *ssigundo* 16, 52, 58, *ssuterrada* 21, *ssee* 29, *ssazom* 29, *conssello* 48-49, *ssentença* 50, 61, *Ssam* 54. En *abbade* 14 (no 3º), 2, 3, 4, 7, 9, 11, 15, 16, 17, 18, 19, 20, 22, 23, 25, 26, 32, 34, 35, 41, 45, 46, 50, 52, 53 (no 4º), xunto a *abade* 17 (no 4º), é grafía latinizante.

6.7.1. Hai moitos casos do dígrafo <rr> en posición inicial ou tras consoante: *rrey* 2, 40, *genrro* 3, 6, 18, *rreçbj* 7, 19, *rrenu[n]ço* 12, *Monte Rrey* 14, 41, *rregistro* 16, *rrenunço* 24, *Rrodrigo* 31, *Rruujo* 40 (no 2º), *Monte Rrey* 2, *Rrodríguez* 10, *Rramo* 14, *Rrua* 16 (no 3º) e *onrrado* 1, 31, *Rramo* 2, 3, 5, 9, 14, *rrogara* 10, *rreuogara* 13, *rreçbeo* 20, *rrecebudo* 24, *rreçebudas* 27, *rrazões* 28, *rrasões* 29, *rrasôado* 34, 47, *rresposta* 45-46, *rrasom* 51, *rrogadas* 55 (no 4º). Por esta razón, cando no manuscrito aparece a palabra con <R> maiúsculo, transcriboo por <rr>: *rrey* 2, *Monte Rrey* 2, *rrecado* 8 (no 1º), *Monte Rrey* 2, 3, 6, 32, *rrey* 12, 24, *rreyña* 13, *rreyña*

24 (no 2º), *rrey* 2, 21, *Monte Rrey* 5, 11, 12, *Rroy* 5, *Rramo* 8, *Rrua* 17 (no 3º) e *Rrauãal* 5, *rreuogara* 8, *rreuogamento* 9, *Rramo* 11, 15, 16, 17, 19, 23, 26, 27, 33, 35, 41, 45, 52, *rreçebese* 17, 42, *rrazom* 22, *rreçebeco* 22, *rrespondeo* 25, *rrazooou* 31, *Rroy* 40, *Rrodrigo* 43, *rresposões* 47, *rrazões* 48 (no 4º). No 4º teñen un só <r> as palabras *Rramo* 18, 24, *rreçebeco* 51 e *reseruo* 53.

6.8. Moi importante é a representación da consoante /n/ en posición final de sílaba ou de palabra, que nos textos medievais pode aparecer como <n>, <m> ou cun trazo sobre a vogal. Nos tres primeiros textos está representada por <n> ou un trazo sobre a vogal. Temos <n> en *en* 1, 2, *sun* 3, *andador* 4, *nen* 7, etc. (no 1º), *çinquenta* 1, 4, 17, *onze* 1, *ssen* 8, 20, *ven* 9, *passaren* 9-10, 21, *vendades* 11, 23, *tanbén* 23, *leylán* 32, 34, *non* 33, *confessón* 36, *nen* 39, *en* 41, etc., tamén ante *b* en *ssetenbras* 21 (no 2º), *quintaffeyra*, *sseteenta* e *trezentos* 1, *en* 2, 3, 15, 20, *presença* 2, *Johán* 2, 4, 6, 9, 15, 17, 20, *geonlos* 3, *ante* 4, *Monte* 7, 14, *leuassen* 9, *Affonso* 10, *don* 14, *Junqueyra* 18 (no 3º). Cando aparece un trazo sobre a vogal, poño sempre un *n* en itálico nos tres primeiros textos: “*saban*” 1, “*uiren*” 1, “*mjn*” 1, 8, “*scriuán*” 2, 8, “*ffrontando*” 3, “*prigón*” 4, 5, 6, “*conçello*” 4, 6, “*non*” 5, 6, “*entón*” 6, “*nonno*” 6-7, “*mandou*” 7, “*deron*” 8, “*ffronta*” 9, “*Garganta*” 9, “*escriuán*” 10 (no 1º), “*mjn*” 2, 13, 25, “*contan*” 7, “*hun*” 8, “*tanbén*” 12, 13, “*Ffernán*” 14, “*njnhũa*” 14, “*non*” 14, 25, 31, 38, “*ssenón*” 14, 25, “*Durán*” 15, “*Padrón*” 15, 27, “*escriuán*” 15, “*rrenunço*” 24, “*njnhua*” 25, “*montan*” 28, “*herdamentos*” 38, “*Gaança*” 39 (no 2º), “*ssetenbro*” 1, “*mjn*” 2, “*Durán*” 2, 11, 13, “*estando*” 3, “*con*” 3, “*garganta*” 4, “*manda*” 6, “*mandaua*” 8, “*mandou*” 8-9, “*Ffernán*” 9, “*Domjngo*” 10, 17, “*pidimento*” 14, “*mandado*” 15, “*fforon*” 16, “*testamento*” 16, 21, “*viron*” 16, “*hun*” 19, “*ssetenta*” 19 (no 3º). O único caso no que poño *m* é na forma latina *Item* 16 (no 2º). No 4º a situación é distinta, pois o <n> pode estar representando por <n>, <m> ou un trazo sobre a vogal. Temos <n> en *quantos* 1, *onrrado* 1, *Gonçaluo* 1, *jasendo doente* 4, *mandara* 5, 6, *uoentade* 7, etc., ante en *d’ánbalas* 24, 47, *ánbalas* 30, 36, 48 e *enbargado* 37 e ao final da palabra en *en* 2, 3, etc. e *Johán* 2, 5. Temos <m> en *sábeam* 1, *virem* 1, *dom* 1, 2, 6, 15, 28, 30, 31, 44, 57, *gram* 13, *entençom* 27, *bem* 32, *parecesem* 40, *vêessem* 43 e *Ssam* 54. Tendo en conta isto, desenvolvo a abreviatura como <m> en “*sazom*” 2, “*parecerom*” 2, “*jasiam*” 5, “*dariam*” 13, “*rrazom*” 22, “*pitiçom*” 23, 33, 45, “*entençom*” 25, 32, 35, “*entenderom*” 27, “*forom*” 27, 29, 36, 48, 55, “*parecerom*” 28, 30, 42, 43, “*ssazom*” 29, “*prouaram*” 35, “*concluyrom*” 37, “*pidirom*” 37, 44, “*tam*” 38, “*rrasom*” 51, “*pi[ti]çom*” 52 e “*tayxaçom*” 53 e desenvólvoa como <n> en “*monge*” 2, “*conuento*” 2, 3,

“consello” 8, “sigundo” 10, 13, “monges” 15, “julgando” 50, “sentença” 50, etc. e en final de palabra en “non” 12, 13 (2), 16, 17, 35, 38, “nen” 16, “con” 20, 22, 38, 49, 51, “mjn” 38, 40, 42, 43, 44, 53, 58 e tamén en “pidíronme” 42, “Martín” 55 e “jazian” (no dorso). Aínda que se escriba <m> por tendencia latinizante, a pronuncia real era /n/, como se ve cando hai asimilación *nl* > *nn* (“nenna” 18, “enno” 21) ou xa redución *nn* > *n* (*suterrárona* 21). Refírome a isto con insistencia, porque moitos filólogos teñen a absurda manía de deixar nestes casos o trazo sobre a vogal (**sabã*) considerando erroneamente que se trata dunha vogal nasal e non dunha consoante (cf. Lorenzo, 1988: 289-326).

6.9. O <h> latino normalmente desaparece na época medieval e por iso temos *carta* 1, 10 (no 1º), *carta* 12, 24, 27, 41, *omes* 26 (no 2º), *ora* 6, *carta* 13 (no 3º), *carta* 1, *onrrado* 1, 31, *ora* 11, *agora* 38, *ómães* 49, *ome* 57 (no 4º) e nas formas de *auer* (véxase o § 8.3), aínda que quedan algúns casos de conservación, que son *Hermigo* 7, *home* 10 (no 1º), *herdamentos* 38 (no 2º) e 6 (no 4º). Non é raro, en troques, que apareza en palabras que non o levaban en latín, como en *hun* 8, *njnhũa* 8, 11, 14, 20, 23, *huquer* 11, 22, *hũa* 16 e *njnhua* 25 (no 2º), *hũa* 3, *huus* 4, *hu* 12, *he* 15 e *hun* 19 (no 3º), *hũa* 2, 7, 29, 36, 46 (no 4º). Tampouco aparece en *Eanes* 2, 4 (no 1º), 41 (no 2º), 56, 58 (no 4º) e na transcripción como “*Eanes*” 15 (no 2º) da grafía desaxustada *joh̄ns*. En contra disto, transcribo no 2º texto como “*Johán*” 26, 39, 40 a abreviatura *j̄* (co *o* escrito sobre o *j*), pois *Johán* é a forma que aparece cando non está abreviado: “*Johán*” 2, 4, 6, 9, 15, 17, 20 (no 3º) e 2, 5 (no 4º).

6.10. O normal é uso de <e> inicial ante <s>, mais no 1º texto, xunto a *escriuán* 10 ou *escriuir* 11, aparecen sen *e* as formas *scriuán* 2, 8, *scritas* 3 e *Stéueez* 7.

7. Particularidades fonéticas.

7.1. O -n- intervocálico latino desapareceu deixando nasalizada a vogal precedente e durante a Idade Media déronse unha serie de cambios ata chegarmos ao sistema moderno. Nos nosos textos destaca que no 1º non se indica nunca a nasalidade das vogais, cando a finais do século XIII o normal era a conservación das vogais nasais. Ocorre isto en *mao* 2, *manaa* 3, *Querugaes* 3-4, *serao* 5 e *Stéueez* 7. Tendo en conta esta última forma, transcribo as abreviaturas como “*Martiiz*” 9, 10 e “*Meéndez*” 9. No 2º contrariamente mantéñense en xeral as vogais nasais (*crischãos* 2, *ymão* 5, 17, 36, *Tamágãos* 5, 17, 38, 40, *bêes* 8, 20, 33, 34, 38, *njnhũa* 8, 11, 14,

20, 23, *pëa* 9, 12, 21, *cõomja* 11, 23, *hũa* 16, *vëeen* 21 e *vëo* 34) e só hai uns poucos casos nos que non se indica a nasalidade (*çenteo* 9, 29, *njnhua* 25, *vijr* 31 e *pregoeiro* 31, 32, 36, 39). En “*Martiis*” 5, 17, 26, 31, 33, 36, 38, 40 decidinme por transcribilo sen vogal nasal e en *tenor* 4, 16 aparece unha forma culta en lugar de *tëor* ou *teor*. No 3º alternan as formas, pois temos con nasal *hũa* 3, *cadëa* 4 e *Estéuõo* 16 e sen nasal *huus* 4 e *moesteyro* 7, 8, que é como desenvolvo o apelido “*Martiis*” 11. No 4º tamén alternan as dúas posibilidades, con máis casos con vogal nasal: *Uiuiãez* 1, *hũa* 2, 7, 29, 36, 46, *Rrauãal* 5, *pitições* 25, *produções* 26, *excepções* 27, *rrazões* 28, 48, *rrasões* 29, 36, *co[n]ffesões* 32, *posições* 32, 47, *rrasõado* 34, 47, *vëessem* 43, *rresposões* 47, *ómëes bõos* 49 e *ymão* 55, fronte a *geeral* 1, *moesteyro* 2, 3, 5, 8, 9, 12, 14, 18, 20, 21, 33, *rrazoou* 31, *termjo* 40, 43, *tistimoyo* 59 e *tistimuyo* 61. Sen indicar nasalidade desenvolvo os apelidos “*Martiis*” 39, 40, 44, 61 e “*Viuiaez*” 56 e os substantivos “*moesteyro*” (no dorso), “*tistimoyas*” 11 e “*tistimoyas*” 27, 32, 47, 54.

7.1.1. A palabra *cóengo* 39, 44, 56 (no 4º), adoptada arbitrariamente como normativa no galego moderno, pois o resultado final tiña que ser **congo*, presenta unha das varias evolucións do latín *canonicum*, con nasalización primitiva das vogais, asimilación e despois consonantización desprazada da nasalidade (*cãõigo* > *cõõigo* > *cõego* > *coengo*). Igual ocorre na forma *geonlos* 3 (no 3º), que tiña primitivamente vogal nasal (*gëollo*) e despois sufriu o mesmo proceso de consonantización desprazada da nasalidade, con conservación do hiato, enxordecemento da consoante inicial e sen a metátese producida no portugués *joelho*, pois modernamente dise *xeonllo*, aínda que hai zonas que pronuncian *xionllo* e outras variantes. Nos substantivos *rreyña* 13, *rreyña* 24 e *térmjño* 38 (no 2º), no topónimo *Villariño* 17-18 (no 3º) e na advocación “*Ssam Martino*” 54 (no 4º) xa se produciu o cambio da vogal nasal en vogal oral + consoante palatal (*-ina* / *-inu* > *-ĩa* / *-ïo* > *-iña* / *-iño*). A mesma evolución está en **teneat* > *teĩa* > *tiĩa* > *tijna* 12 (no 4º) e en *denarios* (con cambio a *dinarios* no latín) > *dñeiros* > *dineiros* 7, 19, 29 (no 2º), *dineyros* 7 (no 4º). Tamén ten a mesma evolución o latín *mea*, que aparece sen nasalización en *mia* 10 (no 1º), 41 (no 2º) e *mjas* 11, 22 (no 2º) e xa palatalizado en *mjna* 59 (no 4º), onde se deu o proceso *mea* > *mia* > *mĩa* > *miña*). Tamén temos nasalización e conversión en consoante (*mihi* > *mi* > *min*) na forma *mjn* 1, 8 (no 1º), 2, 13, 25 (no 2º), 2 (no 3º), 38, 40, 42 (2), 43, 44, 53, 58 (no 4º) e en *nec una* > *njnhũa* 8, 11, 14, 20, 23, *njnhua* 25 (no 2º). Interesante é o encontro da preposición *en* co pronome ou demostrativo, pois o *n* é tratado coma se estivese en posición intervocálica e temos como resultado as formas xa desnasalizadas *eeste* 3,

5 ‘neste’, *eela* 11 ‘nela’ (no 1º), *eela* 42 (no 2º). En contra disto están *en ella* 15 (no 3º) e *en essa* 17, *en este* 40, 44 (no 4º).

7.2. Nos textos tamén se dá o encontro entre unha palabra que remata en <n> e o artigo ou pronome *lo / la*. Cando se produce entre a preposición *en* e o artigo *lo, la* atopamos as tres fases polas que pasou a combinación (*enlo > enno > eno > no*), pois aparecen as formas totalmente desenvolvidas no 1º texto (*na* 4, 5) e no 2º (*no* 16), alternan no 3º as formas finais (*na* 4, 12, *no* 8 e *nos* 4) coas formas intermedias (*ena* 16 e *eno* 17) e no 4º temos, por un lado, *na* 20, 29, 54, *nas* 26, 34, 36, 52 e *no* 5 (3), 8, 12, 14, 18, 40, 43 e, por outro, *enno* 21 e dorso (2 veces). En contra disto, non se deu a asimilación da preposición *con* co artigo *los* (*conlos > connos > conos*) na forma *conlos* 29 (no 2º). No encontro dunha forma verbal rematada en *-n* co pronome, temos asimilación e aínda non redución de *nn > n* en “poséronno” 29 ‘puxérono’ (no 2º) e xa redución en *suterrárona* 21 (no 4º) e no caso dos adverbios *non, nen* alterna a asimilación coa redución *nl > nn > n*, pois aparecen “nonno” 6-7 e “non o” 7, “nen o” 7 (no 1º) e “nenna” 18 (no 4º). Se o encontro se dá entre unha palabra rematada en *-s* e o artigo *lo, la*, tamén se produciu a asimilación e a redución (*sl > ll > l*) en *delo* 10 (2), 21, 22, *tódo los* 13, 24 (no 2º), *ánbalas* 24, 30, 36, 47, 48 e *tódalas* 22, 51 (no 4º), que son as formas usuais hoxe na maior parte de Galicia. No 3º texto dáse este mesmo proceso en *tralado* 18 e *traladar* 22, formas nas que desde o latín *transl-* se deu primitivamente a asimilación do <n> ao <s> e despois a evolución indicada ata *tralado*, variante que alterna en textos galegos medievais con *trelado, traslado* e *treslado*.

7.2.1. Na época medieval alternan as preposicións *por* e *per* (cf. § 20.1), que podían ir seguidas da forma *lo, la* do artigo, co que se produce a asimilación do <r> ao <l> e a simplificación da xeminada (*rl > ll > l*). No 4º texto aparecen xa as formas totalmente desenvolvidas *pela* 1, 31, *pelas* 32, *pelo* 7, *pelos* 31 e *pola* 58. Fronte ao portugués *pelo, pela*, no galego impuxéronse as formas *polo, pola*.

7.3. No raro encontro do pronome *se* co pronome *o* produciuse a palatalización (*seo > sjo > xo*) en *xo* 6 (no 1º texto). Para os posesivos *sa* e *sas* véxase § 13.

7.4. Cando aparecen dúas vogais en hiato hai casos nos que aínda permanece o hiato e outros nos que xa se produciu a crase vocálica. Temos conservación en *aa* 6, *Paaços* 10 (no 1º), *Gaança* 39, *vëeen* 21 (con tres vogais en lugar de *vëen*), *veendo* 35, 36, *vijr* 31 (no 2º), *meesma* 3, *pees* 4, *huus* 4 (no 3º), *aa* 2, 11, 14, 19, 20, 29, *aas* 32, 40, 43, *Rrauãal* 5, *geeral* 1, 29, 30, *ssee* 29, *perteenças* 38, *vëessem* 43, *ómëes bõos* 49, *seendo* 49,

seelo 61, *tijna* 12, *door* 4 (no 4º) e crase vocálica en *messmo* 5 (no 1º), *vinte* 4, 6, 8 e *omes* 26 (no 2º), *vi* 21, *ly* 21 (no 3º). Como no dorso do 4º texto aparece *Vaasques*, desenvolvo a abreviatura como “*Uaasques*” 4, 6, 10, 28 e tamén me decido por “*Martiis*” (véxase § 7.1). É diferente o hiato na forma verbal *rrazoou* 31 (no 4º) e temos dobre vogal innecesaria en *auóaa* no dorso, xunto a *auoa* 6 (no 4º), moderno *aboa*.

7.4.1. No caso do hiato primitivo *ae* no 2º texto hai conservación en *çinquenta* 1, 4, 17 e xa a evolución *ae* > *ee* > *e* en *quarenta* 19, 20, *nouenta* 28 e *ssetenta* 28, 33 e no 3º asimilación *ae* > *ee* en *sseteenta* 1 e *Migeel* 11 e crase vocálica en *ssetenta* 19. No 2º en “*portugeeses*” 7, 19, 33, 35 decidínme por poñer *ee*, pois esa é a forma máis frecuente noutros documentos. Fronte a isto, se o hiato era *áe*, mantense nos textos: *Querugaes* 3-4, que debería estar escrito *Queyrugaes* ou *Queyrugães*, actualmente *Queirugás* en Verín (no 1º), *quaes* 28 (no 2º), *Paez* 5 (no 3º), *quaes* 26 e *Uiuiãez* 1 (no 4º). Por iso leo “*Paez*” 3, 5, 9, 10 (no 1º), “*Paes*” 57 e “*Viuiæz*” 56 (no 4º).

7.4.2. Se se trata do hiato *ao*, mantense na unión da preposición *a* co artigo en *ao* 5 (no 1º), 31, 32, 34, 35 (no 2º), 9, 10, 17, 21, 22, 33, 35, 52 (no 4º) e houbo asimilación *ao* > *oo* en *Tamágãos* 5, 17, 38, 40 (no 2º), actualmente *Tamagos*, e en *Estéuão* 16 (no 3º). Mantense o hiato primitivo *oe* en *moesteyro* 7, 8 (no 3º), 3, 5, 14, 21 (no 4º) e hai unha duplicación innecesaria da vogal en *ffijs* 21, 22, xunto a *ffiz* 15 (no 3º). Tamén destaca a forma co hitato primitivo *eí* en *rreyña* 13, *rreyña* 24 (no 2º), forma propia dos textos galegos medievais.

7.5. En posición átona é moi frecuente a alternancia vocálica. Dáse entre <e> / <i> en *pidiu* 8 (1º texto), *ssemelláuille* 22 e *pidimento* 14 (no 3º), *sigundo* 10, 13, 23, 42, *ssigundo* 16, 52, 58, *pidio* 21, 33, 35, *pitiçom* 23, 33, 45, *pitições* 25, *arçidiago* 28, *pidia* 33, *pidirom* 37, *pidironme* 42, *pi[ti]çom* 52 (no 4º) e *pedio* 30 (no 2º), *enduzemento* 9, 19, *entençom* 25, 27, 32, 35 (no 4º). Entre <o> / <u> aparece en *conusçuda* 1, 5, *Nuzedo* 15, hoxe *Nocedo* (no 2º), *ssuterrar* 5, 8, *ssuterrados* 5-6, *suterrar* 11, 12, *ssuterrase* 13, 18, *pus-tremeyra* 14, *ssuterrada* 21, *suterrárona* 21 (no 4º) e *moller* 4, *pobricadas* 27, *pobricados* 47, *soterrados* dorso (no 4º) e na tendencia a rematar a 3º persoa do verbo en *-eo* (cf. § 8). Tamén aparece <u> por <e> en *ssupultar* 8, 9 (no 3º texto), <o> ou <u> por <e> en *sopultura* 22, *ssupultura* 14 e *supultura* 51 (no 4º) e inclusive a alternancia entre <e> / <i> e <o> / <u> en *tistimoyo* 59 e *tistimuyo* 61 (no 4º), o que me levou a ler “*testimoyas*” 3, 9 (no 1º), 9, 16 (no 3º), “*testemuyas*” 14, 26, 39 (no 2º) e “*tistimoyas*” 11, “*tistimoyas*” 27, 32, 47, 54 (no 4º). Outra evolución característica dos textos galegos é o paso de *o* a *e* en *uoentade* 7, 14 e *voentade* 16, 19 (no 4º).

7.5.1. Hai máis palabras que deben mencionarse. Así, en *ssetenbro* 1 (no 3º texto) vese a preferencia por *o* final e non por *e*, nos substantivos correspondentes á 2ª conxugación o normal nos textos galegos é que teñamos <e> (*enduzemento* 9, 19 e *deffendemento* 19 no 4º), na posible alternancia entre <a> / <e> temos dúas veces con <e> o nome *Tereyia* 6 (no 4º), o que me levou a ler no dorso deste documento “*Tereyia*”, e tamén aparece *a* (átono ou tónico) en *condanase* 34, 36 e *condano* 52 (no 4º), formas aínda hoxe populares. Cómpre destacar a alternancia entre *Eynés* 6, 11, 13, 15, 17, 20, 51 e no dorso e *Jnés* 4, 7, 19, *Ynés* 22 (no 4º) (< *Agnes*) e moi interesante e estraño é o intercambio de resultado en formas dos verbos *ser* ou *ir*, pois para a 1ª persoa aparece *ffoy* 27 (no 2º) e *foy* 59 (no 4º), en lugar de *fui* (moderno *fun*), e para a 3ª *ffuy* 3, 6 (no 1º), xunto á forma propia *foy* 23, 34, 40 (no 4º), *ffoy* 12, 18 (no 3º). O ditongo *oi* está en *moytas* 29, 36, 48 (no 4º). Tamén temos *Rroy* 5 (no 3º), 40 (no 4º), como forma reducida de *Rodrigo* ante un apelido. En *Rruujo* 40 (no 2º) documéntase a forma propia do galego, sen metátese da vogal átona, e no derivado de *sapiant* aparecen as variantes *saban* 1 (1º texto) e *sábeam* 1 (no 4º), formas correntes nos textos medievais nas que non se deu a metátese do iode, que pasou a *e* e despois puido seguir evolucionando (*sábean* > *sábaan* > *saban*). Por latínismo tamén temos <u> por <o> na forma tónica *sun* 3 (no 1º) ‘(eles) son’.

7.6. Como é normal, hai elisión da vogal <e> da preposición *de* seguida dun artigo, pronome persoal, demostrativo ou identificador en *da* 6, *das* 3, *do* 4, 6, *del* 2, 8 (no 1º), *da* 12, 23, *do* 12, 14, etc., *del* 2, 14, 25, 40, *deles* 4 (no 2º), *da* 12, 17, *do* 15, 22, *del* 2, 21, *desta* 3 (no 3º), *da* 2, 3, etc., *das* 31, 38, 46, 56, *do* 1, 2, etc., *dos* 3, 41, *del* 51, 53, *delas* 47, 53, *daquela* 4, *dese* 56, *desse* 59, *desto* 28, *doutras* 11, *doutros* 37 (no 4º), mais tamén ocorre ante outras palabras, como en *d’abril* 1, 17, *d’agosto* 9, *d’auer* 37 e *d’oyto en ssoldo* 19, 35, fórmula que alterna con *da oyto en ssoldo* 33-34 (no 2º), *d’Espadañado* 18 (no 3º), *d’Ourense* 2, 29, 31, 39, 44, 55, *d’ánbalas* 24, 47 e *d’Affonso* 55-56 (no 4º). No 4º texto tamén se elide o *e* en *ant’el* 29 e na unión dos pronomes *lle* e *me* con *a*, *o* (*lla* 16, *llo* 35, *llos* 35, *mo* 42, 58) e no 2º na forma verbal *podria* 13. En *con hũa* 3 (no 3º) permanece a combinación sen reducirse (hoxe *cunha*).

7.7. Nun principio existía na lingua unha oposición entre unha sibilante apicoalveolar sonora /z/ e outra xorda /s/. Esta oposición dábase en posición intervocálica e graficamente distinguíanse porque a xorda se representaba por <ss> e a sonora por <s>. Esta distinción desapareceu no galego debido á desonorización da sonora e é posible que esta desonorización xa estea presente nos nosos textos, que non distinguen ben os grafemas cor-

respondentes aos dous fonemas primitivos. De feito, no 1º texto, xunto ao grafema correcto en *presença* 1, 10 e *preso* 4 (para a sonora), *disso* 3, 7 e *assý* 6 (para a xorda), temos <ss> en *posso* 6 e un só <s> en *pasou* 8. No 2º aparecen as formas correctas en *presenca* 41 (para a sonora), *passaren* 9-10, 21, *disso* 30, 32, *ffezesse* 30, *trouxesse* 32, *desse* 33, 39 e *conffes-són* 36 (para a xorda), mais con moita presenza de <ss> para a primitiva sonora, como vemos en *coussa* 1, 5, 14, 25, *vssura* 8, 20, *pressente* 27, 32, *posséronno* 29 e *quisso* 31. No 3º temos o grafema propio para a sonora en *presença* 2 e *preso* 3 e a propia para a xorda en *disso* 6 e *leuassen* 9, mais xa con <ss> para a primitiva sonora en *pressentes* 16, e no 4º está o grafema correcto para a sonora en *proposo* 4, *guysa* 8, 38, *cousas* 9, 22, 33, 51, *presença* 10, 47, 59, *casares* 12, *quiso* 16, *posições* 32, 47, *visa* 45, *viso* 48, *concluso* 48, *presentes* 50, 55, *reseruo* 53 e *presente* 59 e a propia para a xorda en *disso* 3, *leyxasse* 11, *mandasse* 12, *adusesse* 15, *abastasse* 25, *achasse* 39, *liurasse* 39, *visse* 39, 57, *vêessem* 43 e tamén en *obrigou[us]se* 25. O que pasa é que neste 4º texto hai numerosos exemplos de intercambio dos grafemas, con tendencia a escribir un só <s>. Así, alternan para a primitiva xorda *assignado* 40, 49 e *assignoules* 26, *assigney* 43, *desse* 57, 59 e *dese* 56, *dissera* 10 e *disera* 11, 17, *essa* 11, 14, 17 e *esa* 20 ou *ese* 20, *julgasse* 35 e *julgase* 33, *processo* 48 e *proçeso* 39, 57 e temos só un <s> en *ssuterrase* 13, 18, *rreçebese* 17, 42, *mandase* 21, *entregase* 22, *asý* 30, 35, *co[n]ffesões* 32, *condanase* 34, 36, *eçesorios* 38, *exsaminase* 39, 57, *pareçesem* 40, *entendese* 57-58 e tamén en *mandárase* 8.

7.8. Algo semellante ocorre coas primitivas africadas /ts/ e /dz/ (cf. 6.2). No 1º texto temos para a xorda *março* 1, *presença* 1, 10, *Laça* 3, *conçello* 4, 6, *offiçio* 9, *Paaços* 10 e *alffoz* 2, *Paez* 3, 9, 10, *diz* 6, 7, *Stéueez* 7, *Martiiz* 9, 10, *Meéndez* 9, *Pérez* 9 e *ffiz* 11. A única anomalía é que para a xorda, ao lado de *juyz* 3, aparece a forma *juyç* 7, co grafema <ç> en posición final. No 2º a sonora está correctamente en *onze* 1, *prazos* 3, 35, *prazo* 6, 10, 16, 18, 21, 22, *dízima* 12, 23, 29, *juyzo* 13, 37, *Nuzedo* 15, *enprazar* 30 e *ffezesse* 30 e a xorda en *çinquenta* 1, 4, 17, *conusçuda* 1, 5, *Maçia* 5, 17, 31, 33, 36, 38, *çinco* 7, 8, 17, 19, 20, 33, 35, *çenteo* 9, 29, *rrenu[n]ço* 12, *rrenunço* 24, *terça* 28, *çent* 29, 34, *preço* 37, *sse[n]tença* 37, *Gaança* 39, *Laça* 41, así como en *presenca* 41. Xunto a estes casos temos outras palabras que ofrecen dobre solución. Así, por unha banda atopamos *Lourenço* 26 e a forma abreviada “*Lourenzo*” 26, o que parece indicar que non se diferenciaban a xorda e a sonora. Por outro, xunto ás formas con *z* final, que son *Ffernández* 2, *juyz* 2, 35, *dez* 7, 29, *Domínguez* 15 (2), *jaz* 16, *ffiz* 41, 42, hai outras que aparecen con <s> final: *Ffernandes* 15, 26, 30,

Dominges 26, “*Peres*” 26 e *juys* 30 (2). No 3º a sonora está correctamente en *trezentos* 1 e *ffazia* 6 e a xorda en *presença* 2, *justiçar* 5, *alçaçaua* 13 e *Gonçaluo* 14. En posición final é onde se volve documentar o cambio do sistema, pois temos, por un lado, *dez* 1, *Paez* 5, *Rrodrígez* 10 e *ffiz* 15 e, por outro, *Ffernandes* 2, 10, 13, *Áluares* 10, *Peres* 10, 16, 17 (2), 20, *Martiis* 11, *Gondulffes* 11, *Gomes* 20 e *ffijs* 21, 22. No 4º a casuística é maior. Para a primitiva xorda temos correctamente *Gonçaluo* 1, *parecerom* 2, *presença* 10, 47, 59, *pareçia* 10, *sentença* 21, 35, 37, 39, 40, 43, 44, 49, 50, 54, 57, 59, *pitiçom* 23, 33, 45, *entençom* 25, 27, 32, 35, *pitições* 25, *produções* 26, *exçeções* 27, *arçidiago* 28, *parecerom* 28, 30, 42, 43, *posições* 32, 47, *negochos* 37, *eçesorios* 38, *perteenças* 38, *proçeso* 39, 57, *çerto* 40, *Garçia* 40, *parecesem* 40, *çapateyro* 41, *processo* 48, *pronunçio* 50, *ssentença* 50, 61, *pi[ti]çom* 52 e *tayxaçom* 53 e en posición final *Uiuiãez* 1, *Gonçaluez* 3, *Áluarez* 6, *Viuiãez* 56 e *Núnez* 57. Mais en posición final aparecen xa *Gonçalues* 4, 7, 9, 10, 16, 17, 32, 34, 41, 50, *Uasques* 4, 6, 10, 28, *Martiis* 39, 44, 61, *Peres* 41, 43, 55, *Dominges* 41, 43, 50, 53, 55, *juys* 44, 61, *Paes* 57, *Áluares* e *Vasques* no dorso co grafema correspondente á fricativa. Para *rreçebj*, etc. (no 2º e 4º) véxase § 8. O mesmo pasa coa primitiva africada sonora, para a que temos a forma correcta en *sazom* 2, *dizia* 9, *enduzemento* 9, 19, *aduzer* 16, *jazia* 21, *rrazom* 22, *dizer* 24, *rrazões* 28, 48, *ssazom* 29, *rrazoou* 31, *jyzo* 42, 44 e *jazian* no dorso e xa o cambio para a fricativa en *juys* 2, 28, 30, *ffesera* 4, 32, *jasendo* 4, *jasiam* 5, *endusuda* 7, *adusesse* 15, *rrazões* 29, 36, *rrazõado* 34, 47, *praser* 38 e *rrazom* 51. É dicir, o primitivo sistema de dúas africadas diferenciadas pola marca de sonoridade parece que se estaba descompoñendo e que había enxordecemento e ao mesmo tempo paso de africada a dorsodental fricativa. De aí o grafema con <s>.

7.8.1. Como particularidade podemos indicar que, xunto ás formas *offiçio* 9 (no 1º) e *pronunçio* 50 (no 4º), con conservación do iode, aparecen as formas medievais *negochos* 37 (no 4º) e *rrenu[n]ço* 12, *rrenunço* 24 (no 2º), coa evolución esperada *-tjo > -ço*. Ademais, o grupo latino *-sk-* seguido de <o> permanece e seguido de <e> dá como resultado primitivamente a consoante africada /ts/. Por iso é correcta a forma *coñosco* 5-6, 18 (no 2º) e irregular a forma *conusçuda* 1, 5 (no 2º), que mestura as dúas solucións, pois debería ser *coñoscuda*.

7.9. Dependendo das palabras, o grupo latino *qua-* deu en romance *cua* ou *ca*. Nos textos medievais é moi frecuente que se conserve a grafía latinizante, aínda que posiblemente en moitos casos se pronunciase *ca*, tal como ocorre hoxe na maior parte de Galicia. Nos nosos textos sempre apa-

rece *qua*: *quantos* 1 (no 1º), *çinquenta* 1, 4, 17, *quarteiro* 9, 28, *quantos* 9, 21, *Quaderno* 13, 24, *quarenta* 19, 20, *quatro* 21, 28 e *quaes* 28 (no 2º), *quantos* 1, *qual* 5, 9, 40, 43, *quando* 10, *quanto* 25 e *quaes* 26 (no 4º). Ao contrario do que ocorre con *qua-*, para *gua-* temos a forma propia do galego en *gardar* 5, 8 (no 1º).

7.10. O grupo latino -bl- consérvase no cultismo *público* 2 (no 1º), 2, 21 (no 3º) e presenta rotacismo en *dobreyro* 1, *obrigo[u]sse* 25, *pobricadas* 27 e *pobricados* 47 (no 4º).

7.11. O grupo cl- inicial evoluciona como forma popular en *chamado* 49, 59 e *chamadas* 55 (no 4º) e mantense nos cultismos *clérigo* 10, 11 (no 3º), *clérigos* 20, 55 (no 4º), así como en posición interna tras consoante en *concluyrom* 37 e *concluso* 48 (no 4º). No caso de -ccl- (> -cl-) houbo sonorización, mais non rotacismo en *jgleia* 18, 20, 21, 29, 54, 55 e *ygleia* 59 (no 4º).

7.12. O grupo pl- inicial evoluciona como forma popular en *chegou* 5 (no 1º) e presenta rotacismo nos semicultismos *prazos* 3, 35, *prazo* 6, 10 (3), 16, 18, 21, 22 e *enprazar* 30 (no 2º), *preito* 30, 38, 39, 40, 42, 44, 46, 48 e *praser* 38 (no 4º).

7.13. O grupo -gn- intervocálico evoluciona como era de esperar a /ɲ/ en *conusçuda* 1, 5, *coñosco* 5-6, 18 e *peñoras* 11, 22 (no 2º), mais compórtase como cultismo en *signo* 27, 42 (no 2º), *ssigno* 11 (no 1º), 16 (no 2º), 22 (no 3º), *assignoules* 26, *assignado* 40, 49 e *asigney* 43 (no 4º) e como semicultismo en *ssino* 15 (no 3º), *sinal* 59 (no 4º) e *Eynés* 6, 11, 13, 15, 17, 20, 51 e dorso, *Jnés* 4, 7, 19, *Ynés* 22 (no 4º). Tamén cando había en latín -nj- se chega a /ɲ/, como en *uinas* 4 (no 1º), *Viño* 14, 39 (no 2º) e *sseñor* 1, 31 (no 4º). Para o latín *testimonium* hai moitas variantes na época medieval, unha delas *testemuño*, que foi a forma que se impuxo, mais é moi frecuente nos textos galegos que, en lugar da evolución -nj- > /ɲ/, desapareza o -n- deixando nasalizada a vogal anterior. De aí as formas xa desnasalizadas *tistimoyo* 59 e *tistimuyo* 61 (no 4º).

7.14. Noutros grupos interésannos algunhas evolucións. Así, para -pt- alterna o cultismo *escripto* 50 (no 4º) coa forma evolucionada *scritas* 3 (1º). Para -ks- temos a evolución a /iʃ/ en *tayxaçom* 53 (no 4º) e en *ex-* (é dicir, *eks-*) aparece a conservación no cultismo *exçepções* 27 (no 4º), que tamén conserva o *p* no grupo -ptj-, e nas formas medievais *exsaminase* 39, 57, *exsamjnada* 45 e *exsamjnado* 48 (no 4º), cunha grafía que quere reflectir a pronuncia [eks]. Para -stj- temos palatalización na forma medieval *crischãos* 2 (no 2º), no grupo -cc- hai simplificación en *eçesorios* 38 (no

4º) e en -ffl- a evolución esperada en *achou* 5, 7 (no 1º), *achedes* 11, 23, *achara* 33, *achou* 39 (no 2º) e *achasse* 39 (no 4º).

7.15. Hai palabras que teñen unha evolución moi complexa e entraron na lingua con dobre sentido. Así, o latín *calumnia*, que de ser unha forma popular terminaría dando o resultado **caoña*, ou *caoña* > *cooña* > **coña*, está representado por *cõomja* 11, 23 (no 2º texto), co valor de ‘imposto’, e polo cultismo *calupnya* 24, *calupnia* 46 (no 4º), na expresión “juramento de -”, co valor que xa tiña en latín de xustificar con xuramento a boa disposición a actuar nun preito, e que presenta por falso latinismo un *p*, igual que pasa noutros textos en palabras como *dapno*.

8. Entre as formas verbais temos as que rematan en *-des*, terminación que permaneceu maioritariamente ata hoxe en Galicia: *tomedes* 10, 22, *sseyades* 11, 23, *achedes* 11, 23, *vendades* 23 (no 2º). No presente aparecen as formas primitivas *coñosco* 5-6, 18 (no 2º) e *diz* 6, 7 ‘di’ (no 1º) e, ao lado da forma *é* 14 (no 4º), *he* 15 (no 3º), están as formas latinizantes *est* 6 (no 1º) e *éste* 11 (no 1º), 16, 42 (no 2º), 60 (no 4º), como ocorre noutros textos medievais. No pasado son moi significativas as formas da 3ª persoa *disso* 3, 7 e *posso* 6 (no 1º), *disso* 30, 32 e *quisso* 31 (no 2º), *disso* 6 e *esteuo* 12-13 (no 3º), *disso* 3, *proposo* 4 e *quiso* 16 (no 4º), típicas dos documentos galegos e antecesoras dos actuais *dixo*, *puxo*, *quixo*, *estivo* e *propuxo*. En cambio, para a 1ª persoa son máis comúns as formas idénticas ás do portugués, como *vi* 21 ‘vin’ e *ly* 21 ‘lin’ (no 3º), *ffiz* 11 (no 1º), 41, 42 (no 2º), 15 (no 3º), coa variante *ffijs* 21, 22 (no 3º), fronte ás formas palatalizadas *puge* 15 (no 2º), *ffige* 59 e *puge* 59, 61 (no 4º), que son as máis próximas ás formas do galego moderno (*dixen*, *fixen* e *puxen*). Noutros verbos hai unha diverxencia, pois aparecen *rreçebj* 7, 19 (no 2º), 58 (no 4º) ‘recibín’, *rreçbeo* 51, *rreçbeo* 20, 22, *rreçbese* 17, 42, *rrecebudo* 24, *rreçbudas* 27 (no 4º), fronte a *escriuj* 27 (no 2º), *escriuy* 14 (no 3º) ‘escribín’, idéntica a do infinitivo *escriuir* 11 (no 1º), 41 (no 2º), 59 (no 4º), no galego moderno *escribir*. Xunto a *pidiu* 8 (no 1º) ‘pediu’ e *deu* 7 (no 1º), 34 (no 2º), 24 (no 4º), aparece a tendencia a rematar as formas de 3ª persoa en *-o*, que aínda hoxe ten vixencia nalgúns zonas de Galicia. Vémosto en *pedio* 30, *vẽo* 34 ‘veu’ (no 2º), *rreçbeo* 20, 22, *pidio* 21, 33, 35, *rrespondeo* 25, *cometeo* 38 e *reçbeo* 51 (no 4º). Son normais as formas *deron* 8 (no 1º), *posséronno* 29 (no 2º), *viron* 16 (no 3º), *pareçerom* (véxase § 8.4), *suterrárona* 21, *entenderom* 27, *concluyrom* 37, *pidirom* 37, 44 e *pidironme* 42 (no 4º), pois hoxe no galego a 3ª persoa do plural segue rematando en *-ron*. Tamén é a forma esperada *deyla* 9. Véxase para *ffuy*, *foy* ‘foi’ e *ffoy*, *foy* ‘fui’ o § 7.5.1.

8.1. No subxuntivo temos *dé* 8 (no 1º), que alterna nos textos medievais galegos con *dea* e *dia*. Véxase § 7.5.1 para *saban* 1 (no 1º) e *sábeam* 1 (no 4º). O futuro de subxuntivo é moi frecuente: *uiren* 1 (no 1º), *mostrar* 6, 19, *passaren* 9-10, 21, *pagar* 10, *ouuer* 12, 24 (no 2º) e *virem* 1 (no 4º).

8.2. Nos participios destacan as formas *concluso* 48 e *visa* 45, *viso* 48 (no 4º), procedentes de *conclusum* ‘concluído’ e *visum* ‘visto’, que eran os participios propios dos verbos *concludere* e *videre*, así como *entregue* 12, *entrego* 23 (no 2º), onde vemos unha alternancia na vogal final do participio irregular. Tamén interesa resaltar a presenza das formas procedentes do participio en *-utu*, que se mantiveron nos primeiros tempos do idioma: *conusçuda* 1, 5 (no 2º), *endusuda* 7, *rrecebudo* 24, *rreçebudas* 27, *auudo* 48 (no 4º). Nos tempos compostos o participio concorda co substantivo en “cousas que *auya mandadas*” 9 (no 4º), o participio de presente aparece en “as partes presentes et ssentença *demandantes*” 50 (no 4º) e o xerundio en “*vagando a ssee*” 29 (no 4º).

8.3. Con referencia aos verbos *haber* e *ser*, hai que indicar que o primeiro ten o valor actual de ‘haber’ en *ouuer* 12, 24 (no 2º) e de ‘ter’ en *auia* 5 (no 1º), *ey* 13, 25, *auer* 13, 30, 37, *auja* 31, 36, 38, *aya* 38 (no 2º), *avia* 7 (no 3º), *auya* 9, 12, *ouuera* 10, *auendo* 18, *auer* 26, *auudo* 48 (no 4º), en alternancia con *tijna* 12 (no 4º). O segundo ten o valor actual de ‘ser’ en *est* 6, *éste* 11 (no 1º), *sseya* 1, 5, *éste* 16, 42 (no 2º), *ffoy* 12, *he* 15 (no 3º) e *ffoy* 4, *fora* 16, *éste* 60, *seia* 61 (no 4º) e o valor medieval de ‘estar’ en “*ffoy* presente” 27 (no 2º), “*fforon* pressentes” 16 (no 3º), “*presentes forom*” 55, “*era* bem prouada” 32, “*era* enbargado doutros *ffeytos*” 37, *seendo* 49 (no 4º). Finalmente, destaca o uso de ‘ser + participio’ en lugar da forma activa en *sun scritas* 3 (no 1º), *era* (...) *ffeyto* 3-4, *sseyades entregue* 11-12, *sseyades entrego* 23 (no 2º), *ffeyto ffoy* 18 (no 3º), *fora endusuda* 7, *dito é* 14, *ffora feyto* 19), *foy negada* 23, *forom dadas* 27, *forom* (...) *ditas* 29, *foy dito* 34, *forom ditas* 36, 48, *foy assignado* 40, *dada foy* 53, *foy chamado* 59, *foy dada* dorso (no 4º). Tamén aparecen “*estando* presente” 32 (no 2º), *estando* 3, *está* 12, *esteuo* 12-13 (no 3º), *estando* 30 (no 4º).

8.4. Outros verbos dignos de citar son *oýr* 40, 43, 49, que segue sendo a forma usual no galego; *cometeo* 38 e *cometera* 42, 58 (no 4º), co valor de ‘encargar’; *deffendera* 17 (no 4º) co valor de ‘prohibir’; as formas antigas *parecerom* 2, *pareçerom* 28, 30, 42, 43 ‘apareceron’, *parecesem* 40 ‘aparecesen’ (no 4º); *leyxou* 4 (no 1º), *leyxaua* 7 (no 3º) e *leyxar* 16, *leyxasse* 11 (no 4º), moderno ‘deixar’; *adusesse* 15 e *aduzer* 16 (no 4º), moderno ‘aducir’; *liurar* 38 e *liurasse* 39, co valor de ‘resolver’; as formas medievais e

hoxe populares *condanase* 34, 36 e *condano* 52 (no 4º) e tamén *abastasse* 25 (no 4º), *justiçar* 5 (no 3º) e *rreuogara* 8, 13 (no 4º).

8.5. Con referencia ao verbo hai que indicar a presenza de formas pronominais, como “*mandárase ssuterrar*” 8, “de *sse suterrar* (...) “*sse se y non mandasse*” 12, “*se se y non ssuterrase*” 13, “que *sse ar mandara* (...) a *ssupultura* no dito moesteyro” 14, “*u se mandara* da primeyra” 14, “*poys se ela mandara* a Monte de Ramo” 18, “*obrigo[u]sse* a prouar” 25 (no 4º). Resulta máis estraña a presenza de *se* en “*jasendo doente daquela door que se finou*” 4 (no 4º) e en “*eeste dia pela manaa que se ffuy* a Querugaes” 3, fronte “*entón ffuy* aa prigón do conçello” 6 (no 1º). Para a colocación do verbo véxase o § 17.3.

9. Dos substantivos, alén dos xa citados nos parágrafos anteriores, debo facer referencia ao cultismo *notario* 2 (no 1º), 15, 27, 28, 40 (no 2º), 2, 10, 13, 20, 21, 22 (no 3º), 5, 58 (no 4º), sempre usual nos documentos galegos, que se decidiron por esta palabra e non por *tabeliom*. Tamén foron sempre formas usuais nos textos galegos e seguen hoxe vixentes *scriuán* 2, 8, *escriuán* 10 (no 1º), *escriuán* 15 (no 2º) ‘*escribán*’, *rregistro* 16 e *conffesón* 36 (no 2º), hoxe popularmente *confesón*. Para o derivado de *vicariu* o 4º texto decidiuse por *vigario* 1, 21, 26, 28, 30, 33, 35, 37, 42, 45. A forma *dízima* 12, 23, 29 (no 2º) alterna con outras na época medieval e despois caeu en desuso. Outros substantivos hoxe en desuso son *ffronta* 9 ‘*requirimento, denuncia*’, xunto á forma verbal *ffrontando* 3 ‘*requirindo, pedindo con instancia, denunciando*’ (no 1º), *mua* 7, *enduzemento* 9, 19, *torto* 13 ‘*dano, agravio*’, *rresponsões* 47 ‘*respostas*’, *esleyto* 57 ‘*electo*’, *verbo* ou *uerbo* 59 ‘*palabra*’ (no 4º) e *alfayate* 3 (no 3º), *alfayate* 56 (no 4º), máis tarde substituído na lingua por *xastre*. Citemos tamén no 3º texto *quinta-ffeyra* 1, *geonlos* 3, *tauerneyro* 18, os arabismos *alcaçaua* 13 e *alcaide* 4, 9, o uso de *don* unido a *frei* en “*don ffrey Gonçaluo*” 14 e a barbaridade que significa poñerlle ao condenado a morte unha “*cadêa na garganta*” 4 e “*huns fferros nos pees*” 4. No 4º texto temos *cousas* 9, 22, 33, 51, forma actual galega, o galicismo *chantre* 30, 37, 42, 45, 57, coa variante para o singular *chantres* 58, *deffendemento* 19, co valor de ‘*prohibición*’, *rreuo-gamento* 9, *produções* 26 e *ssee* 29 ‘*sé*’.

10. Entre os adxectivos destaca a forma antiga *ssetenbras* 21 (no 2º), asociada a *caendas*, o cultismo *público* 2 (no 1º), 2, 21 (no 3º) e o medieval *leterados* 49 ‘*letrados*’ (no 4º). Un caso dubidoso ofrécenolo a forma *ssemelláuille* 22 (no 3º), pois en lugar de *uil* con trazo, que é como inter-

pretei a abreviatura, podería pensarse que está escrito *ul* cun trazo e ler “ssemellauel”. As dúas posibilidades alternan con outras moitas nos textos galegos medievais, pois hai formas rematadas en *-vil*, *-vile*, *-vili*, *-vel*, *-vele*, *-bel*, *-bele*, *-ble* e *-bre*. Como comparacións destacan “tanbén ... como” 12, 13-14, 23, 25 e “ante ca outren” 37 (no 2º).

11. Uso do artigo. Nos textos medievais non está regularizado o uso do artigo e por iso nestes textos temos casos non que se usa fronte a outros nos que está ausente. Por exemplo, no 1º texto hai casos con artigo, como en “*das* testimoyas” 3, “*pela* manaa” 3, “*na* prigón *do* conçello” 4, “*ffuy aa* prigón *do* conçello” 6, etc., e outros moitos nos que falta, como en “en presenza de *mjn*” 1, “en mia presenza” 10, “de mao de” 2, “en seu alffoz” 2, “podar sas uinas con seus amigos” 4, “en poder de” 4, “andador a que o deron a gardar” 8, “de meu offiço” 9, “meu ssigno” 11. Igual pasa no 2º texto, no que temos con artigo “*tódolos* outros dereitos” 13, 24-25, “*no* meu rregistro” 16, “*o* dito *juy*s” 30, “*ao* dito Maçia Martiis” 31, “*os* ditos prazos” 35, etc. e sen artigo “per todos meus bées” 8, 20, “ata dia de” 9, “tantas de *mjas* peñoras” 10-11, 22, “meu ssigno” 16 e “meu signo” 42, “como manda *fforo* et dereito” 32, “en *sseu* térmjño” 38, “en mia presenza” 41. No 3º temos artigo en “*del* rrey” 2, 21, “a par *da* torre” 12, etc. e falta en “en presenza de *mjn*” 2, “*ffazia* *ssua* manda” 6, “*ssupultar* *sseu* corpo” 8, “*ffiz* meu *ssino*” 15, “en lugar de” 20 e compárese a diferenza entre “*Johán da* Costa” 17 e “*Johán de* Naue” 2-3, 6, 15. No 4º hai numerosos casos, pois temos artigo en “*da* hũa parte” 2, 29-30, 36, “*da* outra” 3, 30, 36, “*o* dito testamento” 8, “*u* se mandara *da* primeyra” 14, “*no* dito seu moesteyro” 18, “*feyto aa* dita dona *Jnés*” 19, “pelos ditos *das* suas tistimoyas” 31-32, “*ffesera aas* suas posições” 32, etc. En cambio, falta frecuentemente co posesivo, como pode verse en “*ffesera sseu* testamento” 4-5, “*ssuterrar* seu corpo” 5, “contra sua uoentade” 7, “de *sseu* consello” 8, “*enuyou sseus* monges” 15, “*fora ssua* voentade” 16, “et seus clérigos” 20, “de sa sopultura” 22, “*deu* suas pitições” 24-25, “*prouar* sua entençom” 27, “*pidia* en sua pitiçom” 33, “non *prouaram* sua entençom” 35, “con todas suas perteenças” 38, “en *mjna* presenza” 59, “et meu sinal y puge” 59, “puge aquí meu seelo” 61, “mandou *supultar* seu corpo” (no dorso), mais tamén en “en nome dos *ssobreditos*” 3, “en *juyso*” 2, “en presenza do...” 10, “contra *deffendemento* do abbade” 19, “de parte do...” 23, 26, 34, “*oír* sentença” 40, “contra voentade da dita dona” 19, etc. Falta coa preposición *per* en “*aquelas tistimoyas per* que entenderom a *prouar* sua entençom” 27.

11.1. As formas do artigo indeterminado que aparecen son *huns* 4 (no 1º) e *hũa* 16 (no 2º), 4 (no 3º).

12. Nos demostrativos é importante a forma *esto* 12, 24 (no 2º), 12 (no 3º), 55 (no 4º), *desto* 8 (no 1º), 28 (no 4º), maioritaria nos textos galegos.

13. Os posesivos presentan maioritariamente as formas plenas, tanto se van seguidos do substantivo coma se son autónomos. Aparecen *meu* 9, 11 (no 1º), 16, 42 (no 2º), 15 (no 3º), 59, 61 (no 4º), *meus* 8, 20 (no 2º), *mia* 10 (no 1º), 41 (no 2º), *mjna* 59 (no 4º), *mjas* 11, 22 (no 2º), *seu* 2 (no 1º), 5, 10, 18, 51, 53 (no 4º), *sseu* 30, 37, 38 (no 2º), 8 (no 3º), 5, 8 (no 4º), *seus* 4 (no 1º), 20 (no 4º), *sseus* 15 (no 4º), *sua* 6 (no 1º), 7, 27, 33, 35 (no 4º), *ssua* 6 (no 3º), 16 (no 4º) e *suas* 24, 32, 38 (no 4º). Xunto a elas aparecen as formas reducidas *sa* 22 (no 4º) e *sas* 4 (no 1º) seguidas de substantivos. O posesivo no propio latín comezou a distinguir entre formas plenas (*sua*) e formas átonas (*sa*) e, aínda que en romance triunfaron as formas plenas, na época medieval e posteriormente documéntanse bastantes casos das formas reducidas, especialmente de *sa*. Para o uso co artigo véxase § 11.

14. Entre os cuantificadores algúns van seguidos do artigo e do substantivo, como “*ánbalas partes*” 30, 36, 48 (no 4º), “*d’ánbalas partes*” 24, 47 (no 4º), “*tódalas cousas*” 22, 51 (no 4º); outros do posesivo e do substantivo, como “*todos meus bẽes*” 8, 20 (no 2º), “*todas suas perteenças*” 38 (no 2º), ou dun artigo, un indentificador e o substantivo, como “*tódo los outros dereitos*” 13, 24-25 (no 2º). A forma *todo* pode ir sen substantivo: “*a todo ffoý presente*” 17, “*posséronno todo*” 29 (no 2º), “*leyxaua o que avia todo*” 7 (no 3º), “*a ffige toda escriuir*” 59 (no 4º). O negativo *ningunha* vai posposto ao substantivo en “*ssen vssura njnhũa*” 8, 20, “*ssen cõomja njnhũa*” 11, 23 (no 2º); ademais na expresión *njnhũa coussa* 14, *njnhua coussa* 25 (no 2º) ten o valor de ‘nada’. Outros cuantificadores son *cada* (no 2º “*cada dia*” 9, 21, no 4º “*cada hũa das partes*” 46), *moytas* (no 4º “*moytas rrasões*” 29, 36, “*moytas rrazões*” 48), *mays* 33, 39 (no 2º), 61 (no 4º), *hũa* e *outra* (no 4º “*da hũa parte*” 2, 29-39, “*da outra*” 3, 30). Por outra parte, destacan *tanto* e *tantas* nas expresións “*quen tanto desse nen mays*” 39 e “*tomedes tantas de mjas peñoras*” 10-11, 22 (no 2º).

15. Como identificadores merecen especial atención *atal* 60 e *outr* 8 (no 4º), *outren* 37 (no 2º), que alternan respectivamente con *tal* 11 (no 1º), 4, 16, 42 (no 2º), 15, 22 (no 3º) e *outros* 15, 26, 40 (no 2º), 13 (no 4º). O

identificador *outro* pode ir seguido do substantivo: *outro* 16 (no 2º), *outros* 13, 24 (no 2º) e *doutros* 37 (no 4º). Citemos tamén *çerto* (no 4º “a termjo *çerto*” 40) e *mesmo* (no 1º “eeste dia *messmo*” 5).

16. Nos numerais, alén dos citados no § 7.4.1, interesan as formas *çent* 29 e *çent et çinco* 34-35 (no 2º), que levan un trazo sobre a palabra, e a diferenza na concordancia entre “mill et trezentos et sseteenta *anos*” 1 e “mill et CCC et ssetenta et hun *ano*” 19 (no 3º), pois no segundo exemplo *ano* está en singular debido a que concorda con *hun* e non co número completo. As formas *un*, *unha* están tamén en *hun* 8 (no 2º), *vn* 4, 28 (no 2º) e *hũa* 7 (no 4º).

17. No pronome persoal cómpre sinalar as formas *el* 12, 15 (no 4º), *ela* 10, 15, 16, 18, 20 (no 4º), *elas* 25, 28, 47, 48 (no 4º), *del* 8 (no 1º), 14, 25 (no 2º), 51, 53 (no 4º), *deles* 4 (no 2º), *delas* 47, 53 (no 4º), *lle* 12, 33, 34 e *lles* 40 (no 4º), que se combina no singular coas formas átonas *a* e *o* en *lla* 16, *llo* 35, *llos* 35 (no 4º) e que destaca no uso como dativo de interese en “pidio ao vigario que *lle* julgase as cousas que pidia (...) et *lle* condanase a outra parte nas custas dereitas” 33-34 e “pidio ao vigario que *llo* julgase así per sentença et *llos* condanase nas custas dereitas” 35-36 (no 4º) e tamén na combinación de *se* con *o* (> *xo*) en “non sabe quen *xo* posso ffora da prigón” 6 (no 1º). Como reflexivo aparece *consigo* en “mandara y *consigo* herdamentos” 6, “mandara y *conssigo* aquelas cousas” 8-9 (no 4º).

17.1. Nos textos medievais é frecuente o uso da forma tónica con preposición en lugar da átona correspondente, como se ve en “que deuo *a uós*” 6, 18 (no 2º), xunto a casos de alternancia, como en “en presenza *de mjn*” 1 (no 1º), 2 (no 3º) e “en *mia* presenza” 10 (no 1º), “en *mia* presenza” 41 (no 2º). Outras veces está o pronome persoal en casos nos que podería aparecer o posesivo: “as tistimoyas dadas et os ditos *delas* pobricados” 47, “en nome *del*” 51, 53, “reseruo a tayxaçom *delas* en *mjn*” 53 (no 4º). A forma *min* úsase frecuentemente precedida de preposición, como en “cometeo este preito (...) *a mjn*” 38, “rreçebese *en mjn* este preito” 42, “asigney termjo aas partes en que vëessem *ante mjn*” 43, “reseruo a tayxaçom *delas en mjn* para despoys” 53, “rreçebj *en mjn* este preito” 58 (no 4º).

17.2. Como fórmula de tratamento para a 2ª persoa aparece sempre *uós* 6, 7, 18, 19, *uos* 8, 10, 20, *douuos* 10, 22, *pagaruos* 14, 25 (no 2º) e o tratamento de *don* acompaña a determinados nomes. Aplícase a persoas que teñen un cargo importante, como “*dom* Gonçaluo” (bispo) 1, 31, “*dom* Gonçaluo Núnez” (bispo electo) 57, “*dom* Pedro de Barreyros” (chantre)

30, 44-45, “*dom Pedro Uaasques*” (arcediago) 28, ou mesmo “*dom ffrey Johán*” 2 (abade), “*dom abbade de Monte de Rramo*” 15 (todos no 4º) e “*don ffrey Gonçaluo, abbade*” 14 (no 3º), mais négaselle a “*Pero Gonçáluez*” 3 (abade de Torbeo) (no 4º). Os monxes, polo regular, non levan ningún tratamento, como en “*ffrey Domjngo*” 5, “*ffrey Domjngo Fferro*” 18 (no 2º), “*o dito frey Ffernando*” 3, 24, etc. (no 4º). Tampouco se lle aplica ao xuíz “*Martín Ffernandes*” 30 (no 2º), mais si aos xudeus “*don Jacob*” 3, 6, 18, 29 e “*don Elias*” 3, 6, 18 (no 2º). Tamén o levan as persoas de clase social alta como “*dona Jnés*” 4, “*dona Ynés*” 29, “*dona Eynés*” 6, 11, 13, 14-15, 17, 19-20, 20, 51 e no dorso (no 4º). Estraña que non leve *don* o seu marido “*Pero Uaasques*” 4, “*Pero Vaasques*” no dorso e que o leven seus pais “*dom Lopo Affonso et dona Tereyia Áluarez*” 6, “*don Lopo Afonso et dona Tereyia Áluares*” no dorso e súa avoa “*dona Tereyia Uaasques*” 6, “*dona Tereyia Vaasques*” no dorso (todos no 4º).

17.3. Na época medieval hai a tendencia a colocar o pronome átono antes do verbo, sempre que preceda unha palabra na que se poida apoiar. Son casos como “*de uos pagar*” 8, 20, “*sse uos a este prazo non pagar*” 10, “*sse a y ouuer*” 12, 24, “*que njnhũa cousa me non valla*” 14 e 25 (no 2º), “*que lle el dera*” 12, “*sse se y non mandasse*” 12, “*que lle non dariam outros*” 12-13, “*se se y non ssuterrase*” 13, “*non lla quiso dar*” 16, “*poys se ela mandara a Monte de Rramo*” 18, “*que llo julgasse asy per sentença et llos condanase*” 35-36, “*que (...) o liurasse per sentença*” 39, “*sigundo que mo o chantre (...) cometera*” 42, “*sigundo que mo o dito chantres cometera*” 58 (no 4º). Nalgúns destes exemplos podemos ver intercalación de palabras, co que o verbo tende a desprazarse á posición final, cousa que se produce noutros moitos casos, como en “*a quen este prazo por uós mostrar*” 6, 18-19, “*que de uós rreçebj*” 7, 19, “*que por mjn ey*” 13, 25, “*esta carta en mia presenza ffiz escriuir*” 41 (no 2º), “*sigundo o dereito manda*” 23, “*como o dereito manda*” 24, “*que forom ant’el ditas*” 29, “*ssigundo que o dereito manda*” 52, “*tistimoyas que a esto, chamadas et rrogadas, presentes forom*” 54-55, “*que a esta sentença foý chamado*” 59 (no 4º).

18. Como relativo é interesante o medieval *u* (tamén escrito *hu*), máis tarde desprazado polo moderno *onde*, que aparece en “*que está hu esteuo a alcaçaua*” 12-13 (no 3º) e “*Monte de Rramo, u se mandara da primeya*” 14 (no 4º). O moderno *o qual* aparece coa forma *o qual* 9 (no 4º), que se combina coa preposición *en* nas formas *no qual* 5 (2), 40, *no (o) qual* 43 (co *o* repetido por erro), *enno qual* no dorso (no 4º). No plural temos *os quaes* 28 (no 2º) e coa preposición *nas quaes* 26 (no 4º). Para *canto* temos

a forma *quanto* nas expresións “saban *quantos*” 1 (no 1º), “sábeam *quantos*” 1 (no 4º), “cada día, *quantos* días passaren” 9-10, 21 (no 2º), “obrigo[u]sse a prouar *quanto* abastasse a entençom” 25 (no 4º). Outros relativos son *quen* 6 (no 1º), 33, 39 (no 2º), que vai precedido da preposición *a* en *a quen* 6, 18 (no 2º), e o moi usado *que*: 3, 5, 11 (no 1º), 7, 9, 13, 16, 19, 21, 25, 27, 38, 41, 42 (no 2º), 5, 12, 13, 15, 16, 21, 22 (no 3º), 4, 9, 12, 13, 19, 22, 26, 29, 32, 33, 36, 40, 48, 51, 54, 57, 59, 60 (no 4º). *Que* vai precedido do artigo en *o que* 31 (no 2º) e 7 (no 3º), da preposición *a* en “andador *a que* o deron a gardar” 8 (no 1º), da preposición *per* en “aquelas *tistimoyas per que* entenderom a prouar sua entençom” 27 (no 4º) e da preposición *de* en “vinte et çinco *moravidís de* dineiros novos portugeeses, *de que* contan dez et sseys par tres *moravidís*” 6-7 (no 2º).

19. Adverbios. Como adverbio de tempo o máis usado é *depoys* 10, 13, 15, 21, 28, 29, 36, 48 (no 4º), que alterna con *despoys* 53 (no 4º) e ten o valor de ‘ademais’ en “et *depoys* que ffaria gram torto a Torueo se se y non ssuterrase” 13 (no 4º). Outros adverbios son *entón* 6 (no 1º), *ora* 34 ‘agora’ (no 2º) e *agora* 38 (no 4º), xunto ás locucións *a esta ora* 6 (no 3º) e *logo essa ora* 11, *aa sazom* 2 ou *aa ssazom* 29 (no 4º) ‘entón, daquela, nese momento’, e a expresión comparativa “*ante* ca outren” 37 (no 2º). Como adverbios de lugar temos *aló* 9 (no 3º) e co valor de ‘alí’ a forma pronominal reducida *en* (variante de *ende*) na expresión “porque tijna *én* casares que lle el dera” 12 (no 4º), así como *y* 7 (no 1º), 6, 8, 12, 13 (no 4º), forma que equivale a ‘aí’ en “sse a y ouuer” 12, 24 (no 2º) e a ‘aquí’ ou ‘nel/nela’ en “este ssigno ssemelláuille do dito notario y ffijs” 22 (no 3º) e “et meu sinal y puge” 59 (no 4º). Hai que citar tamén a expresión “*delo* prazo *en deante*” 10 (2), 21, 22 (no 2º) e a locución conxuntiva *huquer que* 11, 22 (no 2º). Ademais, como reforzo pleonástico, que podemos interpretar co valor de ‘de novo’, aparece *ar* en “et depoys que a dita dona Eynés rreuo-gara o dito testamento (...) que sse *ar* mandara aa pustremeyra uoentade a ssupultura no dito moesteyro” 14 (no 4º).

20. A preposición *a* aparece con certa regularidade, como en “rrogara *ao* dito Pedro Uasques” 10, “disera (...) *aa* dita dona Eynés” 11 (no 4º), mais hai algún caso no que non está presente. Compárese “pedio *a* este Martín Ffernandes” 30 (2º texto) con “leyxou André” 4 e “non achou este André” 5 (no 1º) ou “que non rreçebese *a* dita don Eynés en essa jgleia” 17 (no 4º) con “rreçebese *a* dita don Eynés na jgleia” 20 (no 4º). En “que deuya *a* auer de dereito” 26 (no 4º) aparece *a* nun uso que alterna nos textos medie-

vais con *de*. Esta preposición pode seguir a verbos, como en “obrigo[u]sse *a* prouar quanto abastasse a entençom” 25 (no 4º), mesmo en casos nos que hoxe teríamos outra construción, como en “per que entenderom *a* prouar sua entençom” 27 (no 4º) ‘entederon que probarían’.

20.1. Entre outras preposicións podemos citar *ata* 9, 20 (no 2º) e a interpretación da abreviatura correspondente como *pera* 12, 24 (no 2º) ou *para* 16, 49, 53 (no 4º), coa dúbida na acentuación, pois podemos ler *ata*, *pera*, *para* ou *atá*, *perá*, *pará*. Como derivados do latín *per* e *pro* temos en romance respectivamente *per* e *por*: *per* 8, 16, 20, 31, 37 (no 2º), 15 (no 3º), 5, 8, 21, 27, 35, 39, 44, 50 (no 4º) e *por* 6, 13, 18, 25, 28, 33, 34, 37, 41 (no 2º), 5 (no 3º) 10, 11, 15, 22, 39, 51 (no 4º). As dúas preposicións alternan nos textos medievais e van seguidas do artigo nas formas *pela* 1, 31, *pelas* 32, *pelo* 7, *pelos* 31 e *pola* 58 (no 4º). Entre outros exemplos do seu uso podemos citar “outorgo *per* todos meus bñes de uos pagar” 8, 20, “mandoulle vender o que auja *per* Rrodrigo” 31 (no 2º) e “ffesera sseu testamento *per* Johán de Rrauñal” 4-5, “ou *per* outre” 8, “mandase *per* sentença” 21, “*por* rrazom de” 22, “juys (...) dado *per* dom Pedro” 45, “o preito concluso *per* ánbalas partes” 48 (no 4º). Ademais, destaca o uso de *en* nas frases “desto *en* como pasou” 8 (no 1º), “ffeyto *en* tal tenor” 4, 16, “d’oyto *en* ssoldo o morauidi” 19, “d’oyto *en* ssoldo” 35, “da oyto *en* ssoldo” 33-34 (no 2º), “estando *en* geonlos” 3 (no 3º), “asigney termjo aas partes *en* que vñessem ante mjn” 43, “sentença que foy dada *en* como dona Eynés (...) mandou supultar seu corpo” (no 4º). Tamén debemos citar o uso da preposición *de* en lugar de *por* en “era enbargado *doutros* ffeytos” 37 (no 4º) e na expresión *aver de* co valor de ‘ter que’ en “que o *auia de* gardar” 5 (no 1º) e “*auja d’auer* o sseu” 36-37 (no 2º), así como a alternancia de *perante* 8 (no 1º), 2 (no 2º) e *ante* 4 (no 3º), 1, 28, 30, 40, 42, 43 (2) (no 4º) e a locución prepositiva *a par da* 12 ‘onda a’ (no 3º).

21. Como conxuncións ou locucións conxuntivas pódense citar as temporais *ata que* 11, 23 (no 2º), *quando* 10 e *depoys que* 13 (no 4º), a modal *en guysa que* 8, 37-38 ‘de maneira que’ (no 4º), a final *por que* 61 ‘para que’ (no 4º), diferente á causal *porque* 10, 12, 37 (no 4º), a concesiva *pero que* 34 ‘aínda que’ (no 2º), a proporcional *sigundo que* 42, *ssigundo que* 52, 58 (no 4º) e o uso de *poys* como causal en “nenna ssuterrase no dito seu moesteyro de Torueo, *poys* se ela mandara a Monte de Ramo” 18 (no 4º). A máis usada como subordinante é *que* 6, 7 (no 1º), 6, 10, etc. (no 2º), en dúas ocasións repetida (no 1º texto na liña 3 e nas liñas 8, 9). Ten valor final en “depoys foy el por ela, *que* a adusese a Monte de Rramo” 15 (no 4º) e

podémola interpretar con este mesmo valor en “*que visse et exsaminase o proçeso*” 39, 57 (no 4º). Tamén aparece con frecuencia *como*, que pode ser relativo ou conxunción modal. Aparece, por exemplo, en “que os trouxesse ao leylán, *como* manda fforo et dereito” 32 (no 2º), “o liurasse per sentença *como* achasse por dereito” 39 (no 4º), etc. Vai coa preposición *en* en “desto *en como* pasou” 8 (no 1º) e “Sentença que foy dada *en como* dona Eynés (...) mandou supultar seu corpo” no dorso (no 4º) e podería substituírse por *que* en “Saban quantos esta carta uiren *como*” 1 (no 1º), “Conusçuda coussa sseyá *como*” 1, 5 e tamén 17 (no 2º) e “sábeam quantos esta carta virem *como*” 1 (no 4º).

22. Nomes e apelidos. Entre os nomes destacan no 2º texto *Elias* 3, 6, 18 e *Jacob* 3, 6, 18, 29, nomes bíblicos que teñen os dous xudeus, así como *Maçia* 5, 17, 31, 33, 36, 38, *Durán* 15 e *Padrón*, que aparece na liña 15 como nome e na 27 como apelido. Como nome tamén está *Durán* 2, 11, 13 no 3º texto. No 4º podemos citar o nome *Tereyia* 6 (2), unha das varias formas que adopta nos documentos medievais. Dos apelidos os máis interesantes son *Garganta* 9 (no 1º), que de alcume pasou a apelido, *do Viño* 14, 39, *Mouro* 15, *Fferro* 18, *Cariyo* 26, *Fforneiro* 26, *Montourís* 26, *André* 27, 28, 40, *Espiga* 39, (*Affonso*) *de Gaança* 39 (fórmula que designa nun principio a un fillo de solteira), *Aluelo* 40 e *Rruujo* 40 (no 2º), *de Naue* 3, 6, 15, *Beya* 4, 9, *Paez de Bema* 5 e *Gondulffes* 11 (no 3º), *Uiuiãez* 1, *Viuiãez* 56 e *de Barreyros* 30 (no 4º). Un alcume está en *Lopo Peres Parella* 17 (no 3º) e hai dúas testemuñas que son coñecidas por un sobrenome: *G. P., dito Tostado* 55 e *P. E., dito das Pias* 56 (no 4º).

Referencias bibliográficas

- LORENZO, R. (1988). Consideracións sobre as vocais nasais e o ditongo -ão en portugués. In D. Kremer (Ed.), *Homenagem a Joseph M. Piel por ocasião do seu 85º aniversário* (pp. 289-326). Tübingen: Max Niemeyer Verlag.
- LORENZO, R. (2004). Edición de documentos medievais. Problemas que presentan algunhas abreviaturas. In R. Álvarez & A. Santamarina (Eds.), *(Dis)cursos da escrita. Estudos de filoloxía ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza* (pp. 449-458). A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- MAIA, C. de A. (1986). *História do Galego-Português. Estado linguístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o século XIII ao século XVI (Com referência à situação do galego moderno)*. Coimbra: Instituto Nacional de Investigação Científica.